

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CORRESPONDENTE AO DÍA 26 DE NOVEMBRO DE 2021

Ás 10.00 horas do día 26 de novembro de 2021, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doportto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. César Manuel Fernández Gil

D. Pablo Pérez Pérez

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. José Ignacio Gómez Pérez

D. Diego Fernández Nogueira

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Deputado non adscrito: D. José Miguel Caride Domínguez

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

As deputadas D.^a Elvira Lama Fernández e D.^a Montserrat Lama Nóvoa ausentáronse durante o debate do punto 12º da orde do día, escusando a súa ausencia, e non reincorporándose á sesión.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense: [ver vídeoacta](#)

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, CORRESPONDENTES Á ORDINARIA DO DÍA 29 DE OUTUBRO DE 2021 E Á EXTRAORDINARIA (PLENO ESTADO DA PROVINCIA) DO DÍA 16 DE NOVIEMBRE DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado dos borradores das actas das sesións anteriores, correspondentes á ordinaria do día 29 de outubro de 2021 e á extraordinaria (Pleno estado da provincia) do 16 de novembro de 2021.

Non se producen intervencións e o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar por unanimidade a acta da sesión do Pleno correspondente ao día 29 de outubro de 2021 (ordinaria) e coa abstención do Grupo Socialista (ausentes na sesión do 16.11.2021) a acta do Pleno do día 16 de novembro de 2021 (extraordinaria, Pleno sobre o debate do estado da provincia), conforme cos borradores elaborados pola Secretaría Xeral.

2º.- CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO 2021 E DA DATA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

Prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Rodríguez-Villarino (grupo do PS de G-PSOE): pregúntalle á Presidencia en que sesión plenaria poderán os deputados e deputadas da corporación situarse na súa bancada e no seu asento, e deixar de ocupar os espazos destinados ao público asistente.

A Presidencia contesta que se están a seguir escrupulosamente as recomendacións do servizo de prevención de riscos laborais, en canto á realización das reunións dos órganos colexiados, e que se estará ao que estes informen.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#)

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Cambiar a data da sesión do Pleno ordinario do mes de decembro (xa que o día 31 é o día de Fin de Ano e o día 24 día de Noiteboa), que se realizará o día 17 de decembro de 2021, ás 10.00 horas.

2º.- As comisións informativas terán lugar todas o día 9 de decembro, xoves, coa seguinte orde:

Transparencia e Administración Provincial	16.30 horas
Especial de Contas, Facenda e Economía	17.00 horas
Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural	17.30 horas
Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego	18.00 horas
Termalismo, Turismo e Medio Ambiente	18.30 horas
Cultura, Deportes e Mocidade	19.00 horas

3º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS E A SÚA INTEGRACIÓN NO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, PARA O EXERCICIO 2021

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Toma a palabra para indicar que neste punto manterán a súa posición de abstención, entendendo que é lóxico que este Consorcio siga adiante cando así o queren os alcaldes e alcaldesas da comarca e a propia Deputación. Aproveita para facerse eco do malestar dos veciños xa que neste ano se procedeu ao cobro de varios recibos atrasados de exercicios anteriores, se ben entende que se os servizos foron efectivamente prestados deben ser recadados pola administración.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): manifesta que se este orzamento se aprobou por unanimidade na asemblea do Consorcio, o voto do seu grupo vai ser igualmente favorable á proposta de aprobación.

- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): sinala que o grupo socialista vai votar a favor desta proposta, xa que todos os integrantes da asemblea de concellos deste consorcio aprobaron o proxecto de orzamento. En todo caso quere facer constar que a finais do ano 2020 se produciu un punto de inflexión na xestión deste Consorcio, e onde entre outras cuestións se acordou un cambio na xestión da recadación que é o que está a provocar que agora se teñan que emitir recibos pendentes de exercicios anteriores e que están a causar malestar entre a veciñanza afectada. Parece que agora a xestión deste organismo vai por unha boa vía.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): indica que este Consorcio goza de mellor saúde que o ano pasado, e que así o amosa o orzamento presentado e aprobado por unanimidade na asemblea de concellos. Indica que as medidas adoptadas son necesarias, que este ano 2021 foi un ano de transición, pero que a xestión está claramente canalizada, e que ademais Augas de Galicia xa aboou a débeda pendente co Consorcio. Remata indicando o compromiso firme da Deputación Provincial con este Consorcio de Augas de Valdeorras, que quedan reflectidos na achega de 190.000,00 € no orzamento provincial para o exercicio de 2022

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#) .

1º.- Aprobar inicialmente o orzamento do Consorcio de Augas de Valdeorras para o exercicio 2022, conforme co proxecto aprobado pola Asemblea do Consorcio o 10 de novembro de 2021, por importe de 1.396.720,00 €, co seguinte resumo por capítulos:

Estado de gastos		
Capítulo 1	Gastos de persoal	363.528,00 €
Capítulo 2	Gastos bens correntes e servizos	1.032.492,00 €
Capítulo 3	Gastos financeiros	700,00 €

Total gastos	1.396.720,00 €
---------------------	-----------------------

Estado de ingresos		
Capítulo 3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1.206.720,00 €
Capítulo 4	Transferencias correntes	190.000,00 €
Total gastos		1.396.720,00 €

O dito orzamento intégrase no orzamento xeral da Deputación Provincial para todos os efectos.

2º.- Someter a exposición pública o orzamento inicialmente aprobado polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP. Durante o dito prazo os interesados poderán presentar reclamacións ante o Pleno nos termos previstos no artigo 170 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. O orzamento do Consorcio considerárase definitivamente aprobado se durante o dito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario o Pleno da Deputación disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Unha vez aprobado definitivamente o orzamento do Consorcio inserírase, resumido por capítulos, no BOP, entrando en vigor no exercicio 2022.

4º.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2021

A Sra. interventora expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): comeza sinalando que a figura do recoñecemento extraxudicial de créditos é unha figura habitual nas AAPP xa que non é posible que todas as facturas dun exercicio entren no rexistro da Administración antes das doce da noite do día trinta e un de decembro de cada ano. Sinala que as prestacións executadas deben ser aboadas, xa que o contrario sería un enriquecemento ilícito, se ben para iso hai que tramitar o expediente do gasto, verificando que a prestación foi executada e que se

adecúa aos prezos habituais de mercado. Segundo a documentación do expediente, non existe documentación xustificativa nas facturas correspondentes ao servizo de Cultura da Deputación (dúas), por importes de 5.995,01 € e 8.000,00 €. Ademais engade que tampouco existe documentación xustificativa nas facturas do servizo de mantemento do sistema de detección de incendios do edificio principal e da sala de informática (anos 2018, 2019 e 2020), e que polo tanto vanse aprobar e aboar sen acreditarse os requisitos esixidos, como indica o informe da intervención provincial, sen que ninguén da Deputación poida verificar que se executaron as referidas prestacións facturadas.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): comeza sinalando que a figura do recoñecemento extraxudicial de créditos é unha figura legal e regulada na lexislación das facendas locais, que se configura como un procedemento que permite recoñecer un crédito a favor dun terceiro, operando como unha excepción ao principio de anualidade orzamentaria, e que ten por finalidade aplicarlle ao orzamento obrigacións derivadas de compromisos de gastos de exercicios anteriores. Sinala que no presente expediente se trata de nove facturas ao longo de todo o ano 2021 (carácter case residual) por importe de 98.000,00 € aproximadamente. Das 9 facturas, 5 contan co informe da unidade xestora. Das outras 4, 2 son de Cultura (non hai director de área nin persoal administrativo na RPT), e 2 corresponden ao servizo de mantemento dos sistemas de detección de incendios nos anos 2018, 2019 e 2020. En todo caso do expediente dedúcese que estamos ante prestacións efectivamente realizadas, por prezo axustado ao do mercado, consentidas pola Deputación e realizadas no seu beneficio, e de non tramitarse o expediente, conduciría a que o importe da indemnización viría coincidir normalmente cos prezos pactados. Por último engade que os informes da vicesecretaría e da intervención son favorables á adopción do acordo, e que compre afinar nos procedementos para evitar esta tramitación excepcional dos gastos.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1) e da/do deputada/o non adscritos (2) e a abstención do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 2021 e **proceder á liquidación das prestacións relativas ás facturas que deseguido se detallan** como medio de obter o título xurídico necesario para á súa imputación ao orzamento corrente:

Núm. Factura	Data da factura	Provedor	Obxecto	Importe
VGSF-14610	25.08.2020	SEGURIDAD JAPÓN SL, co NIF: B-32171118	Mantemento do sistema de detección de incendios do edificio principal e da sala de informática – Anos 2018 e 2019	5.932,63 €
20-4	16.12.2020	FUNDACIÓN ARAGUANAY PONTE DE CULTURAS, co NIF: G-15075229	AMAL en ruta 2020	5.995,01 €
VGSF-14850	04.12.2020	SEGURIDAD JAPÓN SL, co NIF: B-32171118	Mantemento do sistema de detección de incendios do edificio principal e da sala de informática – Ano 2020	2.698,30 €
A-1: A:20/4151	31.10.2020	LHYP ASLYM LIMPIEZAS E HIGIENE PROFESIONAL SL, co NIF: B-36836161	Mantemento da limpeza no edificio de Correos durante a segunda quincena de outubro de 2020	1.197,90 €
EMIT-4	30.04.2021	NORTIDEAS COMUNICACIÓN SL, co	Contrato de patrocinio da	8.000,00 €

		NIF: B-15691629	rodaxe da curtametraxe “Non me espera ninguén”	
EMIT-544	15.06.2021	MADERAS SOTO SA, co NIF: A-32012288	Reposición de caseta de madeira calcinada no Punto Limpo de Calvos de Randín (Exp. núm.	10.036,95 €

O-2021/0799	31.05.2021	CONTENEDORES ESCOR VITORIA SL, co NIF: B-01254952	Limpeza e aseo Unidade Provincial de Xestión de Lixo	9.378,63 €
O-2021/1183	30.06.2021	CONTENEDORES ESCOR VITORIA SL, co NIF: B-01254952	Limpeza e aseo Unidade Provincial de Xestión de Lixo	8.579,82 €
2118300190	02.06.2021	AQUAOURENSE SOCIEDAD PROVINCIAL DE AUGAS E MEDIO AMBIENTE SA, co NIF: A32390684	Asistencia técnica en Rede de Municipios Ourensáns cara a sostibilidade e observatorio da sostibilidade provincial ano 2020	46.464,00 €

5º.- ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIA FORMULADA POLO CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS, PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO PARA EXECUCIÓN DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS DO POLÍGONO P-6.1 DA AR-6, NO NÚCLEO DE REBOREDO, NO TERMO MUNICIPAL DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS.

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1), do BNG (1) e da/do deputada/o non adscritos (2) e a abstención do Grupo Socialista (9), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a delegación de competencia formulada polo Concello de San Cibrao das Viñas, para a tramitación do expediente expropiatorio para execución do Plan especial de infraestruturas e dotacións do polígono P-6.1 da AR-6, no núcleo de Reboredo, no termo municipal de San Cibrao das Viñas.

2º.- Requirirlle ao Concello de San Cibrao das Viñas para que mediante a sinatura dun convenio expropiatorio coa Deputación de Ourense, asuma as obrigas económicas derivadas da tramitación do citado expediente expropiatorio.

6º.- BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2022.

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): comeza a súa intervención sinalando que o seu grupo neste punto ten unha postura de sobra coñecida, e que é unha postura crítica por non ter a Deputación un plan único de cooperación cos concellos da provincia, un plan que con criterios obxectivos e de sostibilidade lles trasládase aos concellos unha maior cantidade de fondos que lles permitise planificar e asumir as competencias impropias que cada vez son máis numerosas. En todo caso agradece que se introduza a previsión da base novena e que agarda que se quede para sempre, pero non sen iso deixar de reclamar un novo plan, con máis fondos e con criterios obxectivos como os da FEGAMP, para os concellos desta provincia. Remata indicando que o sentido do seu voto será a abstención.

- 1ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): sinala que este plan para o exercicio de 2022 é igual aos dos exercicios anteriores. A continuación diríxese ao grupo de goberno para indicar que un dos motivos que levou ao grupo provincial socialista a facer un gran esforzo e a camiñar ata Madrid, día e noite, durante cinco días, en quendas, por equipos e por relevos, é precisamente este plan e outros plans desta Deputación. Sinala que a viaxe do grupo provincial socialista marcará un fito para poder mudar a realidade no reparto dos fondos de esta Deputación e doutras. Indica que estamos ante unha reivindicación repetida en diferentes plenos desta Deputación e da que o grupo de goberno non quere saber nada. Sinala que hai cuestións tan tanxibles e urxentes como a demografía, a dispersión ou o avellentamento, que deben servir para que este reparto sexa máis xusto e equitativo, e non simplemente igualitario. A continuación dá lectura a unha parte da declaración institucional “Foro Santiago. Camino de Consenso”, asinada por presidentes de CCAA de diferentes partidos políticos, entre eles o da Xunta de Galicia, preguntándolle á Presidencia se non comparte os criterios que alí se piden para o sistema de financiamento. Engade que cada vez son máis as competencias impropias que teñen os concellos, e que sempre son a primeira porta á que acoden todos os veciños e veciñas, polo que é moi urxente dotar de maiores fondos ao plan provincial e que o reparto non sexa simplemente igualitario, raquíptico e inxusto, como é nesta Deputación, senón

xusto e equitativo. A continuación sinala como por exemplo a Deputación de Lugo dedica o 23,4 % do seu orzamento ao plan de cooperación cos concellos, e como concellos limítrofes como Carballedo, Pantón ou Sober, perciben cantidades moi superiores ás previstas neste plan. Ademais engade que existe un trato moi inxusto cando, vía subvencións nominativas, se compensa unicamente a determinados concellos. Remata indicando que este debate non dá máis de si, e que se o grupo de goberno non muda de criterio, reclamarán en todas aquelas instancias que sexa necesario.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): sinala que este plan provincial para o ano 2022, divídese no plan da rede viaria provincial e no plan de obras e servizos municipais. Sinala que non estamos ante a única cifra consolidada desta Deputación para os concellos, senón que hai que engadir os programas de cooperación de empregabilidade, mocidade e rozas, polo que é xusto dicilo. Seguidamente fai un repaso das contías, financiadas ao 100% por esta Deputación, e as principais liñas que recolle este instrumento de cooperación, incluíndo a base novena relativa ás circunstancias excepcionais da COVID-19. Sobre a intervención da voceira socialista, pregúntalle cales son os criterios obxectivos que ten a CH dio Miño-Sil para o reparto dos seus fondos, e para saber se estes tamén os consideras axeitados. Seguidamente pide que se deixe a cada organismo ter a súa autonomía, e facer a súa propia ruta de goberno. Seguidamente como exemplo da cooperación desta Deputación sinala o recente acordo para o cofinanciamento dos GES, ao que as outras deputacións votaron en contra, e engade que esta Deputación achega servizos e cooperación aos concellos, en maior medida que as outras deputacións de Galicia.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): diríxese ao voceiro do grupo popular para indicarlle que en calquera caso, 90.000,000 € da Deputación para cada concello, non parece unha cantidade que deba satisfacer aos concellos desta provincia. Seguidamente faille un brinde ao grupo socialista, indicándolle que o seu deputado en Madrid apoiaría calquera iniciativa legislativa do Goberno central dirixida a obrigar ás deputacións provinciais a facer un reparto xusto e equitativo dos seus fondos entre todos os concellos da provincia, indicando que a presenza do BNG nos gobernos das outras tres deputacións de Galicia, ten moito que ver nesta situación. Insiste na necesidade de mudar este modelo actual e que sexa modificado máis pronto que tarde.

- 2ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): sinala que o voceiro do grupo popular o único que pretende é desvirtuar o debate e desviar a súa atención, evitando o punto da orde do día. Engade que eles seguirán reivindicando un reparto xusto e equitativo para

todos os concellos e todos os veciños e veciñas da nosa provincia, poñendo como exemplo o “plan concellos” da Deputación de Pontevedra, co que están conformes todos os concellos de diferentes partidos políticos. Insiste en reivindicar un plan con maior dotación e con criterios de reparto xustos e equitativos.

- 2ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): sinala que a evidencia é a que é, que este plan é para todos os concellos da provincia, sen prexuízo da importante cooperación que lles presta esta Deputación aos concellos en moitos outros ámbitos.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (9), do BNG (1), e do deputado non adscrito, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial para o exercicio 2022, co seguinte teor literal:

1ª) Obxecto.

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación dos procedementos de elaboración e execución do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da Rede viaria provincial para o exercicio 2022.

2ª) Estrutura do Plan provincial de cooperación 2022. Distribución dos investimentos por concellos.

1. O Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2022 comprenderá as seguintes clases de investimentos:

- Investimentos en obras de mellora e conservación da rede viaria provincial, de titularidade da Deputación Provincial.

- Investimentos en obras de competencia municipal, preferentemente as necesarias para a efectiva prestación dos servizos municipais obrigatorios enumerados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.

2. O Plan provincial 2022, tanto no apartado da rede viaria provincial coma no relativo ás obras municipais (neste caso ata o importe máximo establecido para cada termo municipal nestas bases) financiarase na súa integridade pola Deputación Provincial de Ourense, resultando en consecuencia o seguinte cadro básico de financiamento:

Obras municipais:

- Deputación Provincial: 100,00 %

Obras da Rede viaria provincial:

- Deputación Provincial: 100 %

3. Non obstante, no caso das obras municipais, os concellos voluntariamente poderán efectuar achegas adicionais para o financiamento das obras, alterándose automaticamente o cadro de financiamento neses supostos. Doutra banda, incluíranse igualmente no Plan provincial, todas aquelas obras para as que os concellos soliciten a súa inclusión, dotadas de financiamento exclusivamente municipal ou procedente doutras administracións públicas, para os efectos de

obter a declaración de utilidade pública de cara a posibilitar a obtención de terreos mediante expropiación forzosa.

4. A distribución do investimento prevista no Plan provincial 2022 é a seguinte:

a. Investimento total previsto na Rede viaria provincial: 1.500.000,00 €

Achega da Deputación á RVP (100%): 1.500.000,00 €

b. Investimento total previsto en obras municipais (incluída a Entidade Local Menor de Berán): 4.716.000,00 €, dos cales 4.440.000,00 € destinados á execución material das obras e 276.000,00 € destinados a servizos complementarios á execución das obras.

Subvención Deputación obras municipais (100,00 %): 4.716.000,00 €,

5. A distribución territorial por concellos do investimento en obras municipais efectuarase mediante a asignación a cada concello da provincia dunha cota alícuota de investimento subvencionado, resultando un investimento por termo municipal de 51.000,00 €; da dita cantidade, 48.000,00 € destinaranse ó financiamento dos contratos de execución material das obras e 3.000,00 € ó financiamento dos contratos de servizos complementarios á execución das obras (con especial consideración das asistencias técnicas para a redacción de proxectos, a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde das actuacións).

O investimento con cargo a fondos provinciais asignado a cada concello poderá dedicarse a unha ou varias obras, a elección dos concellos, podendo supoñer o seu financiamento íntegro ou parcial, sempre e cando as obras correspondan a competencias municipais.

Sen prexuízo do anterior, e tal e como se sinala no apartado 3, poderán incluírse investimentos de contía superior á achega provincial, correspondentes á mesma obra ou obras subvencionadas ou a outras obras, sempre e cando o concello achegue o financiamento complementario preciso.

6. No plan poderanse incluír obras adicionais para a utilización de remanentes producidos por anulación de obras. As ditas obras deben cumprir os requisitos necesarios para seren incluídas no Plan segundo o establecido nesta base.

7. Os remanentes das achegas provinciais obtidos por baixas na adjudicación das obras (tanto municipais como da rede viaria provincial), destinaranse na súa integridade ao financiamento de obras da rede viaria provincial; os remanentes das achegas municipais, de se-lo caso, reintegraranse ó concello respectivo.

3ª) Solicitudes dos concellos: prazos e documentación.

1. Solicitudes: requisitos xerais.

Co fin de garantir o dereito dos municipios á participación na elaboración do Plan, estes poderán formular solicitudes para a inclusión de obras. As ditas solicitudes serán aceptadas obrigatoriamente pola Deputación Provincial, sempre que se formulen en tempo e forma e as obras reúnan os requisitos establecidos na base 2ª.

2. Prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes deberán dirixírselle ao presidente da Deputación e deberán ter entrada no rexistro electrónico xeral da Deputación ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas antes de que remate o día 22 de xaneiro de 2022. Este prazo terá carácter improrrogable. A falta de formulación da solicitude en prazo dará lugar á perda do dereito á participación no Plan Provincial.

3. Documentación das solicitudes.

As solicitudes deberán incluír a certificación do acordo adoptado polo órgano municipal competente, solicitando a inclusión das obras no plan provincial e, de ser o caso, a delegación da competencia para a súa contratación.

No acordo deben figurar a denominación descriptiva das obras e o seu orzamento total, tendo en conta as seguintes regras:

- a. A denominación das obras deberá ser concreta e o suficientemente descriptiva das actuacións (con expresa referencia ás principais unidades de obra para acometer) e da súa localización, con indicación do núcleo de poboación e da rúa onde se leven a cabo estas. Neste sentido, debe indicarse concretamente o núcleo ou núcleos onde se actuará polo seu nome propio, sen que sexan admisibles referencias a unha “zona”, “barrio” ou “parroquia” ou referencias semellantes. Nas obras de mellora e conservación da rede viaria municipal, figurarán ademais os puntos quilométricos entre os que se executan estas.
- b. Nas actuacións plurianuais, a continuación da descrición das actuacións, farase constar esta condición, así como a anualidade á que se refire o investimento para o que se solicita a inclusión no Plan de cooperación.
- c. Nas obras correspondentes a unha fase determinada dun proxecto, a continuación da descrición de actuacións farase constar a fase á que se refire o investimento para o que se solicita a inclusión no Plan de cooperación. Para estes efectos, debe terse en conta que cada fase debe ter a condición dunha obra completa, susceptible de uso público independente, sen prexuízo da súa integración nun proxecto complexo.
- d. Cando unha solicitude recolla obras de diversa natureza para satisfacer máis dun servizo, incluírase en primeiro lugar a denominación da obra de maior importe económico (por exemplo, nunha obra de abastecemento e pavimentación, se o abastecemento ten maior importe económico describírase como “abastecemento e pavimentación en..”).
- e. No orzamento total das obras entenderase incluído o IVE. Non se considerarán incluídos, en cambio, os custos de redacción de proxectos nin os honorarios de dirección de obras e coordinación de seguridade e saúde, que serán obxecto de contratación independente.

4. Para a formulación das súas solicitudes, os concellos deberán ter en conta os datos da Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais.

5. Elaboración do proxecto de Plan Provincial. Corrección de deficiencias.

Unha vez rematado o prazo de formulación de solicitudes, o Negociado de Obras e Infraestruturas da Sección de Contratación procederá á elaboración do proxecto de Plan para o exercicio 2022, que será sometido ao ditame da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, e á aprobación inicial por parte do Pleno na sesión ordinaria do mes de febreiro de 2022.

No período de elaboración do documento, o Negociado de Obras e Infraestruturas comunicaralles telefonicamente aos concellos as posibles deficiencias observadas nas solicitudes, para a súa corrección urxente polos concellos dentro do dito prazo.

6. Consecuencias da presentación extemporánea de solicitudes ou da falta de corrección de deficiencias.

No caso de que os concellos non remitan a súa solicitude dentro do prazo establecido, ou non corrixan as deficiencias observadas, a Deputación non incluírá ningún investimento para ese concello no Plan provincial. O remanente de financiamento resultante destinarase a obras adicionais na rede viaria provincial.

4ª) Tramitación do plan Provincial:

Unha vez aprobado inicialmente polo Pleno, o Plan provincial será sometido a información pública por dez días hábiles mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia. De formularse alegacións, estas serán resoltas polo Pleno. De non formularse alegacións, o Plan considerase definitivamente aprobado.

Unha vez aprobado definitivamente o plan, a Presidencia da Deputación fará pública esta circunstancia mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, iniciándose o prazo de execución.

As modificacións relativas ás obras municipais que teñan que tramitarse a instancias dos concellos respectivos logo da aprobación definitiva do plan (tales como modificacións dos orzamentos das obras que afecten exclusivamente ás achegas municipais, cambios na denominación das obras, incorporación e baixa de obras do plan,..), serán autorizadas por acordo da Xunta de Goberno provincial, sempre que non afecten ao orzamento total do plan nin á súa distribución por municipios.

5ª) Execución do Plan provincial:

A competencia para a execución das obras comprendidas no Plan provincial, tanto no relativo ás actuacións na rede viaria provincial como ás obras municipais, corresponderalle á Deputación Provincial mediante a contratación das ditas obras con empresa solvente a través dos procedementos e co réxime establecido para a contratación de obras públicas na vixente lexislación de contratos do sector público.

Non obstante o anterior, os concellos que realicen achegas complementarias por importe igual ou superior ao 100 % do financiamento comprometido pola Deputación Provincial para execución material das obras (48.000,00 € por termo municipal), poderán solicitar a delegación para a contratación da obra ou obras correspondentes.

En ningún caso poderá acordarse a execución por administración das obras financiadas con cargo o plan provincial

A Deputación Provincial (e se é o caso os concellos) deberán adxudicar as obras antes do 30 de novembro de 2022 e as obras deberán quedar totalmente rematadas antes do 31 de decembro de 2022; non obstante o anterior e sempre que conorra causa xustificativa suficiente, poderá ampliarse o prazo de execución das actuacións incluídas no plan polo tempo indispensable para o seu remate, co límite do día 30 de novembro de 2023.

A contratación das asistencias técnicas que teñan por obxecto a redacción de proxectos e a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde nas obras municipais, realizarase pola Deputación con cargo ao crédito consignado con tal fin nestas bases. Non obstante o anterior, entenderase delegada a competencia para a contratación das ditas asistencias técnicas a favor daqueles concellos que, en consideración ao investimento municipal comprometido, teñan solicitado a delegación da competencia para a contratación das obras.

Nas obras financiadas con cargo ao plan provincial instalarase, en lugar visible, o pertinente cartel de obra segundo o modelo aprobado por esta Deputación, debendo permanecer instalado o dito cartel dende a data da sinatura da acta de comprobación do trazado de planta ata a data de expiración do prazo de garantía.

6ª) Execución das obras pola deputación

1. A Deputación procederá á contratación das obras da rede viaria provincial (en todo caso) e das obras municipais que non teñan sido obxecto de delegación consonte coa base anterior.

2. Para a contratación das obras municipais pola Deputación, os concellos deberán cumprir, antes do 30 de setembro de 2022, os seguintes trámites:

- Remisión á Deputación Provincial do acordo do órgano municipal competente contendo as seguintes determinacións:

a) Aprobación do proxecto técnico de obras.

b) Declaración expresa de que a actuación proposta é conforme coa normativa urbanística e a lexislación sectorial de aplicación e dispón das autorizacións sectoriais esixibles. Non obstante, cando a autorización sectorial esixible sexa a da propia Deputación no exercicio das súas competencias en materia de defensa das estradas provinciais, o acordo municipal indicará o dito extremo, tramitándose de oficio pola Deputación a correspondente autorización.

c) Posta á disposición da Deputación Provincial dos terreos necesarios para a execución das obras.

d) Compromiso de asumir todas as indemnizacións que resulten procedentes cando as obras non poidan executarse por falta de disposición dos terreos ou das autorizacións necesarias con dito fin.

e) Declaración expresa de que a actuación non incorre en alteración ou fraccionamento do obxecto do contrato co fin de eludir as normas xerais de contratación.

f) Declaración expresa de que a actuación de que se trata constitúe unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente ou, se é o caso, que constitúe unha obra susceptible de aproveitamento independente no sentido do uso xeral ou do servizo.

- Remisión da acta de trazado de planta (planeamento previo) das obras, debidamente asinada polo alcalde e polo redactor do proxecto.

7ª) Execución das obras por delegación

Para a execución das obras municipais por delegación, os concellos deberán remitirle á Deputación, antes do 30 de setembro de 2022, os documentos relacionados no apartado segundo da base anterior (a excepción da posta a disposición dos terreos a favor da Deputación) xunto co proxecto técnico correspondente –para os ditos efectos, a solicitude de delegación de competencia para a contratación das obras levará implícita, consonte coa base 5ª, a delegación da competencia para a contratación da redacción do pertinente proxecto técnico e as demais asistencias técnicas complementarias á execución das obras- e o compromiso de efectuar as achegas precisas para o financiamento da actuación na contía necesaria para completar a achega provincial.

Logo de verificada a corrección e suficiencia da documentación achegada, tralo informe previo favorable da Oficina provincial de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras e comprometida a achega municipal na porcentaxe esixida para os ditos efectos, concederáse por resolución da Presidencia a delegación da competencia para a contratación das obras.

A Deputación librará o 75% da súa achega á remisión do certificado acreditativo da adjudicación das obras e de formalización do pertinente contrato. O 25% restante librarase coa achega do certificado de finalización das obras xunto coa acta de recepción e a foto do cartel de obra.

8ª) Adquisición dos terreos necesarios para a execución das obras. Expropiación forzosa.

No suposto en que sexa necesaria a expropiación forzosa de bens ou dereitos, o concello comunicarlle esta circunstancia á Deputación, que procederá á dita expropiación, sendo de conta do concello os custos derivados da expropiación. Para estes efectos, os concellos subscribirán un convenio de colaboración coa Deputación Provincial, no que se recollerán as obrigas do concello no procedemento expropiatorio.

9ª) Réxime especial para os concellos a causa da Pandemia de Covid 19

Os concellos da provincia, poderán optar entre adherirse ao réxime xeral contemplado nas bases anteriores ou solicitar da Deputación o ingreso nas arcas municipais de todo o importe da achega provincial ás obras municipais (51.000,00 €) -non se aceptarán nin anticipos, nin xustificacions parciais-, con destino á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente do concello correspondente á prestación de servizos mínimos obrigatorios, con exclusión dos gastos de retribucións, axudas de custo e asistencias de cargos representativos ou de designación política e do persoal da corporación, dos gastos de servizos que se atopen total ou parcialmente financiados con achegas da Deputación Provincial diferentes ás previstas na presente base e dos gastos correspondentes aos servizos básicos imprescindibles para o funcionamento dos edificios municipais, tales como auga, enerxía eléctrica, servizos de telefonía, datos, seguros,

mantemento programas, software, publicacións, calefacción, sistemas de seguridade, alugueiros, licenzas, e demais gastos correntes que non correspondan a servizos mínimos obrigatorios, do artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

A xustificación da utilización da totalidade dos fondos percibidos ao abeiro do disposto nesta cláusula, achegarase antes de que remate o día 30 de novembro de 2022 mediante conta xustificativa asinada polo alcalde e o interventor de fondos do concello, con suxeición ao disposto na lexislación vixente en materia de subvencións, segundo o modelo que se achega como anexo a estas bases.

10ª) Réxime especial para a entidade local menor de Berán

A entidade local menor de Berán, nos mesmos termos fixados nas bases anteriores para os concellos, poderá beneficiarse dunha achega provincial por importe de 24.000,00 € con destino a investimentos en servizos da súa competencia ou, de ser o caso, á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente da entidade. Da dita cantidade poderá destinarse ata un máximo de 2.000,00 € para a contratación dos servizos complementarios precisos para a execución dos investimentos proxectados.

Anexo.- Modelo de conta xustificativa

Don/a (habilitado/a nacional - poñer a categoría á que pertenzan) do Concello do cal é alcalde/esa

CERTIFICO:

1. Que a **conta xustificativa** asinada polo/a alcalde/esa e o/a interventor/a de fondos do Concello, con suxeición ao disposto na lexislación vixente en materia de subvencións, é remitida a Deputación Provincial de Ourense antes de que remate o prazo, **en ningún caso prorrogable**, do **30 de novembro de 2022**, ascende á cantidade total de euros , e que foron empregados para o pago dos gastos correntes do concello correspondentes aos servizos mínimos obrigatorios ou amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores (capítulos II e IX) detallados na táboa seguinte,

ACREDOR	DATA FACTURA	IMPORTE	DESCRIPCIÓN DO GASTO (o máis detallada e clara posible)	DATA DO PAGAMENTO

2.- Que tal e como se detalla nas bases, a achega destinarase á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores, ou ao financiamento de gasto corrente do concello correspondente á prestacións de servizos mínimos obrigatorios (conforme o regulado no capítulo III – competencias – da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local).

3.- Que **se exclúen expresamente nas bases** os gastos de retribucións, axudas de custo e asistencias de cargos representativos ou de designación política e do persoal da corporación, os gastos de servizos que se atopan total ou parcialmente financiados con achegas da Deputación Provincial diferentes ás previstas na base 9ª e os gastos correspondentes aos servizos básicos imprescindibles para o funcionamento dos edificios municipais, tales como auga, enerxía eléctrica, servizos de telefonía, datos, seguros, mantemento programas, software, publicacións, calefacción, sistemas de seguridade, alugueres, licenzas, e demais gastos correntes que non correspondan a servizos mínimos obrigatorios, do artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

4.- Que, segundo consta na contabilidade da (cargo de habilitado/a nacional) ao meu cargo, a contía do gasto corrente subvencionable, que foi obxecto de recoñecemento da obriga e **efectivamente pagado**, correspondente a Base 9ª (e 10ª) do réxime especial para os concellos (e a Entidade Menor de Berán) a causa da pandemia do COVID -19 do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos

municipais e da rede viaria provincial para o exercicio 2022, ascende á cantidade total de euros.

5.- Que non se recibiron outras subvencións ou axudas públicas para o financiamento dos gastos correntes subvencionados.

E para que así conste e produza os efectos oportunos, emítese o presente certificado en o de de

Asdo,

V. e praxe
alcalde/esa

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, e na sede electrónica da Deputación, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas as bases de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

7º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA ESPECIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS PROMOVIDAS POLO CONCELLO DE OURENSE (2021-2022)

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): sinala que a achega da Deputación Provincial a este plan de 4.000,00 € por obra non supón ningún esforzo nin mingua económica para a Deputación Provincial senón que se trata de dar soporte administrativo para que o concello poida sacar adiante as obras, se ben entende que nalgunhas das obras alí previstas quizás non sexan as máis urxentes e necesarias para a cidade de Ourense. Sinala que a nivel Deputación non é máis que un acompañamento, polo que o grupo do BNG se vai abster nesta proposta.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): comeza a súa intervención lembrando unha anécdota para resaltar o feito de que Ourense é unha cidade con moitas costas e das dificultades de mobilidade que isto implica para un determinado sector da poboación, aínda que para outros esta cuestión pase desapercibida. Con isto sinala a importancia dalgunhas das obras previstas no plan que se trae a este pleno, todas elas moi necesarias, polo que agradece a colaboración da Deputación neste punto a solicitude formulada polo concello de Ourense.

- 1ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): comeza a súa intervención indicando que con esta proposta estamos a dar por natural algo que non é, e que esta operación entre o concello de Ourense e a Deputación, que asigna catro mil euros a unhas obras cuxo importe é de máis de sete millóns de euros, constitúe un fraude de lei, que a propia Democracia Ourense non hai moito tempo criticaba. Engade que se trata dun simple aprazamento electoral dunhas obras e que incluso con algunha desas obras o grupo popular no concello de Ourense non está de acordo. Engade que non se xustifica porque non se xustifica a cantidade que se achega de mil euros por obra, e sinala que estamos diante dun uso perverso dun mecanismo de cooperación, que se fai simplemente para gañar tempo nunhas obras que están mal planificadas, e facer posible que se poidan executar nos anos 2022 e 2023, unhas obras que só eles queren. Sinala que esta intervención da Deputación provincial non é máis que un “paripé”, e que se trata de artellar un mecanismo pensado para a cooperación e convertelo nunha artimaña, todo isto para permitir que o alcalde de Ourense poida chegar ás próximas eleccións con algunha obra feita. Remata indicando que estamos ante un *cambalache*, un fraude legal e un engano a toda a cidadanía. En todo caso sinala que o voto do seu grupo será o da abstención.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): sinala que este programa especial de cooperación ten a súa orixe na solicitude formulada polo propio concello de Ourense, unha solicitude que chega ademais nun contexto económico moi concreto, e no que o concello da capital está a xestionar neste ano o orzamento prorrogado do ano 2020. Considerando que o cofinanciamento solicitado permitirá afrontar a contratación e a execución das obras nos exercicios 2021 e 2022, ao tratarse de obras con financiamento afectado e que permitirán a incorporación de remanentes, tal e como prevé o Real decreto 500/1990, procedeuse a elaborar o presente programa, como xa se fixo no exercicio de 2019. Seguidamente procede a facer un breve resumo das liñas principais das bases reguladoras deste plan especial de cooperación.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): intervén indicando que non tiña pensado facer uso da súa quenda, se ben ao escoitar ao voceiro socialista, non se pode quedar calada. Dirixese ao deputado Rodríguez Villarino indicándolle que ten a manía de vir sempre a darnos leccións a todos e todas as que estamos nesta corporación, leccións de bo político, de político transparente, de político comprometido, pero a realidade é ben distinta. Sinala que o realmente perverso é que o grupo socialista bloquee e diga non no concello de Ourense a un centro de maiores que pretende executar a Fundación Amancio Ortega, que é perverso votar

non a unha modificación orzamentaria de sesenta e dous millóns de euros no concello para investimentos e actuacións municipais ou votar non á renovación dos parques infantís ou da flota de autobuses no concello.

- 2ª intervención Miguel Caride (non adscrito): intervén indicando que non tiña pensado facer uso da súa quenda, se ben quere facelo xa que el mesmo asinou no exercicio 2019 un convenio similar como concelleiro de infraestruturas no concello de Ourense. Sinala que é certo estamos diante dun acordo instrumental para xerar financiamento afectado e poder estender o prazo de execución das obras. O problema en todo caso non é da Deputación, que o que fai e acompañar e prestar o apoio necesario que se poidan levar a cabo, o problema é do concello de Ourense que non consegue tramitar en prazo.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): indica que da intervención do deputado socialista Rodríguez Villarino se queda con dúas ideas, que segundo el, esas obras non son urxentes nin son demandadas polos veciños. Deste xeito sinala que se por exemplo non considera urxente arranxar a rúa de Valle Inclán ou de Bedoya, será porque non transita por elas. Respecto a que as obras non son demandadas pola cidadanía será entón porque non falan coas mesmas persoas, porque sinala que a el moitas veces o teñen parado pola rúa para preguntarlle por moitas das obras incluídas neste programa de cooperación. Remata indicando que as obras ademais de ser necesarias, son urxentes, e que grazas á colaboración desta Deputación se van poder executar.

- 1ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): sinala que o que si que é urxente nesta provincia é cambiar canto antes ao alcalde do concello e ao presidente da Deputación, e que iso si que llo piden todos os días. Sobre o de político exemplar sinala que non debería facer esa crítica quen se vai dun partido político a outro porque non a deixan facer o que ela quere, e que iso que non é moi exemplar. Engade que isto está moi mal planificado desde o concello e por esa razón hai que recorrer a este artificio. Sinala que urxente non son só estas obras, senón que urxente é rematar a Praza de Abastos, por en funcionamento a praza do barrio da Ponte ou poñer en marcha os contedores soterrados. Engade que a estas alturas todo o mundo porqué unha persoa está na alcaldía do concello e outra na presidencia desta Deputación e todos estamos contando as horas nesta provincia para que mude esta situación, e que por fin deixen de ser un mal exemplo do que debe ser unha administración pública.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): comeza sinalando que o que parece preocuparlle ao voceiro socialista son os intereses electorais, pero non os dos veciños da cidade en particular e da provincia en xeral. Sinala que unha das principais obrigas das

deputacións e cooperar especialmente cos concellos de menos de 20.000 habitantes, pero que nesa tarefa de cooperación tamén está a de colaborar cos restantes concellos cando o piden, como é o caso. Sinala que estamos ante unha cantidade que a Deputación pode asumir sen problema e que con isto se vai a facilitar que se fagan os investimentos previstos polo concello de Ourense.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1) e da/o deputada/o non adscritos (2), e a abstención do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa especial de cooperación ás obras promovidas polo Concello de Ourense (2021-2022), co seguinte teor literal:

1º) Obxecto.

Constitúe o obxecto do presente Programa especial de cooperación ás obras promovidas polo Concello de Ourense (2021-2022), articular a cooperación e asistencia económica desta deputación ás obras, todas elas de competencia municipal, promovidas polo Concello de Ourense, que de seguido se detallan:

NÚM.	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Proxecto para instalación de elevador na rúa Avilés de Taramancos	540.000,00 €
2	Proxecto de acondicionamento e mellora das rúas Valle Inclán, Ramón Cabanillas e Bedoya (dende intersección con Valle Inclán ata Avenida de Bos Aires)	1.257.819,45 €
3	Proxecto para a pavimentación en pedra e renovación das redes de servizos nas rúas Parque de San Lázaro, Xaquín Lorenzo Fernández, Bedoya ata Valle Inclán e Cardenal Quevedo ata Avenida da Habana	1.198.543,53 €
4	Proxecto de humanización da rúa Concordia	4.646.435,97 €
TOTAL		7.642.798,95 €

2º) Cadro de financiamento.

1. O Programa cofinanciarase na súa integridade pola Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Ourense. A achega da Deputación Provincial para o total do Programa será de 4.000,00 € (1.000,00 € para cada unha das actuacións indicadas), imputándose á aplicación orzamentaria 450.12/619.02 do orzamento xeral.

2. No caso de remanentes como consecuencia de posibles baixas na adxudicación do/s contrato/s respecto do/s tipo/s de licitación, os referidos importes detraeranse da achega municipal ao presente Programa. Igualmente serán por conta do Concello as variacións do/s prezo/s do/s contrato/s como consecuencia de eventuais modificacións neles.

3º) Tramitación do Programa.

1. O Programa inicialmente aprobado someterase a un período de información pública polo prazo de dez (10) días hábiles, de conformidade co previsto no *artigo 10.2 da vixente Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 260 de data 12.11.2015)*.

Unha vez aprobado o Programa definitivamente polo Pleno da Deputación, ou elevada a definitiva a aprobación inicial en ausencia de alegacións, a Presidencia fará pública esta circunstancia mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, iniciándose o prazo de execución.

2. As modificacións relativas ás obras municipais que teñan que tramitarse a instancias do Concello de Ourense logo da aprobación definitiva do Programa (tales como modificacións dos orzamentos das obras que afecten exclusivamente ás achegas municipais, cambios na denominación das obras, incorporación e baixa de obras do plan,..), serán autorizadas por acordo da Xunta de Goberno provincial, sempre que non impliquen incremento do financiamento global do Programa por parte da Deputación. No caso de que supoñan un incremento da achega provincial, a competencia será do Pleno da Deputación.

4º) Execución do Programa.

1. A competencia para a execución das obras comprendidas no Programa, corresponderalle ao Concello de Ourense mediante a contratación das ditas obras a través dos procedementos e co réxime establecido para a contratación de obras públicas na vixente lexislación de contratos do sector público.

En ningún caso poderá acordarse a execución por administración das obras financiadas con cargo ao presente programa.

2. Os contratos administrativos que subscriba o Concello para a execución das obras deberán ser adxudicados e formalizados con data límite 30.06.2022. A execución das obras relacionadas no Programa, deberá rematar antes do 31 de decembro de 2022; non obstante o anterior, e sempre que concorra causa xustificativa suficiente, e que os créditos correspondentes poidan ser incorporados ao exercicio orzamentario seguinte, previa solicitude do Concello antes da data anteriormente indicada, poderá acordarse a prórroga do prazo das actuacións incluídas no Programa, polo tempo indispensable para o seu remate, e con data límite en todo caso 30.11.2023. A dita prórroga será acordada, se procedese, por decreto da Presidencia.

3. A contratación dos servizos ou a designación dos técnicos que desempeñen as tarefas de redacción de proxectos, dirección facultativa ou a coordinación de seguridade e saúde nas obras municipais, realizarase polo concello.

4. Será obriga do Concello de Ourense instalar un cartel indicador en cada unha das obras onde conste o cofinanciamento da Deputación de Ourense.

5º) Execución e xustificación das obras.

1. O Concello será o responsable da execución das obras, o que inclúe a súa contratación, dirección, execución e seguimento. A Deputación de Ourense unicamente asume a obriga de cofinanciar as obras solicitadas.

2. Para a xustificación da execución do programa, o Concello deberá presentar no Rexistro electrónico xeral da Deputación Provincial, dentro do mes seguinte ao prazo do remate de execución das obras, a seguinte documentación, para cada unha das obras incluídas no Programa de cooperación:

- Certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do Concello, no que se fagan constar os seguintes extremos:
 - a) Relación de contratos formalizados con cargo á subvención, indicando o seu obxecto, importe e contratista, e que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención
 - b) Contía do gasto que foi obxecto de recoñecemento da obrigación.
- Declaración do importe das subvencións ou axudas públicas concedidas para o financiamento dos contratos de obra subvencionados.
- Certificación da conta corrente do Concello para a realización do pagamento da subvención.
- Fotografías do estado final das obras e do cartel das obras onde se indique o cofinanciamento por esta Deputación.

3. Unha vez recibida a documentación antedita para cada unha das obras, a Deputación de Ourense procederá á tramitación do expediente de xustificación, correspondéndolle a instrución ao Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio, que solicitará informe da Área de Infraestruturas de comprobación material da execución das obras. No caso de que a documentación presentada estivese incompleta ou incorrecta, ou as obras non estean completamente executadas, requiriráselle ao Concello de Ourense para a emenda das deficiencias documentais ou materiais advertidas. No caso de emenda de deficiencias materiais nas obras, esta só poderá levarse a cabo dentro do seu prazo máximo de execución. Concluída a instrución do expediente, o Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio formulará a proposta de resolución que proceda, remitíndoselle á Intervención para a súa fiscalización e posteriormente á Presidencia para resolución.

6ª) Obrigas do beneficiario:

Con carácter xeral, o concello beneficiario asumirá todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedará suxeito ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos nestas bases e na lexislación vixente.

7º) Réxime xurídico.

O presente Programa provincial de cooperación apróbase ao abeiro do sinalado no *artigo 10 da vixente Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense*, regulándose no que non estea previsto nestas bases, pola antedita Ordenanza e pola normativa de subvencións aplicable á Deputación Provincial, así como pola lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, e na sede electrónica da Deputación, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas as bases de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

8º.- APROBACIÓN INICIAL DO PROGRAMA DE ASISTENCIA A ENTIDADES LOCAIS PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS DO CICLO DA AUGA PARA O EXERCICIO 2022.

O Sr. secretario expón o contido do ditame da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

Non se producen intervencións e o voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1) e da/o deputada/o non adscritos (2), e a abstención do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Programa de asistencia ás entidades locais para a xestión dos servizos municipais do ciclo da auga para o exercicio 2022, co seguinte contido:*Programa de Asistencias ás Entidades Locais para a Xestión dos Servizos Municipais do Ciclo Urbano de Auga para o Exercicio 2022.*

O programa reflectirá as asistencias técnicas de colaboración da Deputación Provincial de Ourense cos concellos que se realizaran o través da empresa Concesionaria Aquaourense, Sociedade Provincial de augas e medio ambiente S.A. ou cos medios propios da Deputación Provincial de Ourense.

As asistencias dividiranse en tres grupos atendendo o servizo implicado:

- **Abastecemento:** Todas as asistencias técnicas relacionadas cos análises, as infraestruturas, trámites, das augas destinadas ao consumo de auga pola poboación.
- **Saneamento:** Todas as asistencias técnicas relacionadas coas infraestruturas, trámites, análises, das augas residuais dunha poboación.
- **Augas de baño:** Todas as asistencias técnicas relacionadas coas infraestruturas, trámites, análises, das augas destinadas para uso recreativo/lúdico de baño.

A continuación realízase unha descrición das accións xerais propostas :

A) Abastecemento

- A 1** Análise completo . Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 140/2003, no que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.

- A 2 Análise de auga captación menor 50 habitantes . Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 140/2003, no que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- A 3 Análise de auga captación maior 50 habitantes . Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 140/2003, no que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- A 4 Análise de billa . Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 140/2003, no que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- A 5 Análise de control de rede ou depósito . Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 140/2003, no que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- A 6 Análise de microcistinas. Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 140/2003, no que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- A 7 Análise de radioactividade - DIT . Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 140/2003, no que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- A 8 Análise de radioactividade - Radon . Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 140/2003, no que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- A 9 Análise de radionucleidos . Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 140/2003, no que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- A 1 0 Análise de trihalometanos . Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 140/2003, no que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- A 1 1 Análise de praguicidas . Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 140/2003, no que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- A 1 2 Análise do parámetro do tipo de tubeira da billa , rede ou depósito a maiores . Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 140/2003, no que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- A 1 3 Análise resto de parámetros . Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 140/2003, no que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- A 1 4 Asesoramento do persoal mantemento: asesoramento técnico - administrativo ao persoal de mantemento dos concellos para a correcta realización das tarefas de mantemento e operatividade nas instalacións destinadas a augas de consumo.
- A 1 5 Asistencia facturación e cobro, xestión comercial do ciclo hidráulico.
- A 1 6 Sinalización de fontes : carteis para fontes sen control sanitario
- A 1 7 Sinalización de instalacións : carteis para o servizo de abastecemento, captación, depósito, ETAP.

- A 1 8 Concesións abastecemento de auga: xestión de concesións de abastecementos de auga potable para entrega na confederación hidrográfica Miño-Sil. Sendo os traballos a realizar os de toma de datos, elaboración planos, elaboración da memoria, cumprimento de formularios e impresión documentos.
- A 1 9 Contraanálise de análise de billa. Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 140/2003, no que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- A 2 0 Contraanálise de análise de control . Sendo os traballos a realizar os de recollida de mostra e análise segundo o estipulado no RD 140/2003, no que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- A 2 1 Control alarmas: control sobre as instalacións onde existan sistemas de aviso de alarmas ante funcionamento incorrecto. A asistencia consistirá na recepción e xestión destas alarmas así como aviso ao persoal designado polo concello.
- A 2 2 Cortes e reanudacións de subministro de servizo
- A 2 3 Explotación de Servizos de Abastecemento con potabilizadora: Traballos consistentes na supervisión, control, mantemento preventivo dos sistemas destinados a auga de consumo. O obxectivo da asistencia técnica é dar apoio os concellos para garantir un correcto estado de funcionamento das instalacións, establecendo pautas de funcionamento, dosificación e proceso, que deba adoptar o persoal do concello que realiza as tarefas diarias no servizo de abastecemento.

Sen visitas: Comprende as seguintes prestacións:

-Realización do inventario dos elementos que compoñen as zonas de abastecemento e a ETAP, coas súas características técnicas, actualizando os protocolos de abastecemento anualmente (sempre e cando, o protocolo fose feito por Aquaourense).

-Realización de un plan de xestión e mantemento preventivo e control de datos, definindo o listado de tarefas que deberá realizar o persoal encargado do servizo, tanto das zonas de abastecemento, como a ETAP.

-Realización dunha avaliación previa ás visitas de inspección da zona de abastecemento e ETAP por parte de autoridade sanitaria, elaborando un informe dos aspectos que, se é o caso, deban ser corrixidos ou mellorados para o cumprimento rigoroso dos criterios establecidos pola autoridade sanitaria.

-Asistencia os problemas que se ocasionen no servizo (non se inclúen as avarias na rede de abastecemento). No caso de que o problema necesite a substitución dun equipo, reparación ou materiais/accesorios, realizarase unha valoración económica.

Con visitas periódicas: Completase as prestacións anteriores, coas seguintes tarefas:

-Toma de datos dos equipos (horas de funcionamento, comprobación do estado de funcionamento, consumos eléctricos, ...).

-Entrega dos partes de control de mantemento e datos, e recollida os cumprimentados do mes anterior.

-Análises de parámetros organolépticos "in situ" (cloro, cloro combinado, turbidez, pH, olor e cor).

-Control da dosificación de cloro nos depósitos de distribución; control da dosificación de reactivos do proceso, tales como, hipoclorito sódico, policloruro de aluminio, etc.

-Realización das propostas de mellora, orientadas a una redución de costes enerxéticos, de mantemento o de calidade de auga que poidan ser implantados, tales como, automatización da dosificación de cloro, automatización dos bombeos, sistemas de alarmas, substitución de area nos filtros, etc., previa aceptación por parte do Concello.

- A 2
4 Explotación de Servicios de Abastecemento sen potabilizadoras: Traballos consistentes na supervisión, control, mantemento preventivo dos sistemas destinados a auga de consumo. O obxectivo da asistencia técnica é dar apoio os concellos para garantir un correcto estado de funcionamento das instalacións, establecendo pautas de funcionamento, dosificación e proceso, que deba adoptar o persoal do concello que realiza as tarefas diarias no servizo de abastecemento.

Sen visitas: Comprende as seguintes prestacións:

-Realización do inventario dos elementos que compoñen as zonas de abastecemento, coas súas características técnicas, actualizando os protocolos de abastecemento anualmente (sempre e cando, o protocolo fose feito por Aquaourense).

-Realización de un plan de xestión e mantemento preventivo e control de datos, definindo o listado de tarefas que deberá realizar o persoal encargado do servizo.

-Realización dunha avaliación previa ás visitas de inspección da zona de abastecemento por parte de autoridade sanitaria, elaborando un informe dos aspectos que, se é o caso, deban ser corrixiados ou mellorados para o cumprimento rigoroso dos criterios establecidos pola autoridade sanitaria.

-Asistencia os problemas que se ocasionen no servizo (non se inclúen as avarias na rede de abastecemento). No caso de que o problema necesite a substitución dun equipo, reparación ou materiais/accesorios, realizarase unha valoración económica.

Con visitas periódicas: Completase as prestacións anteriores, coas seguintes tarefas:

-Toma de datos dos equipos (horas de funcionamento, comprobación do estado de funcionamento, consumos eléctricos, ...).

-Entrega dos partes de control de mantemento e datos, e recollida os cumprimentados do mes anterior.

-Análises de parámetros organolépticos "in situ" (cloro, cloro combinado, turbidez, pH, olor e cor).

-Control da dosificación de cloro nos depósitos de distribución.

-Realización das propostas de mellora, orientadas a una redución de costes enerxéticos, de mantemento o de calidade de auga que poidan ser implantados, tales como, automatización da dosificación de cloro, automatización dos bombeos, sistemas de alarmas, etc., previa aceptación por parte do Concello.

- A 2
5 Lectura contadores

- A 2
6 Limpeza e desinfección de depósitos incluíndo análise control mais certificado limpeza depósitos.

- A 2
7 Limpeza e desinfección en instalacións con acumulador de auga quente sanitaria A.Q.S. (incluída a rede de distribución e puntos terminais, e dúas análises de detección de lexionela) auga quente sanitaria: traballos de limpeza e desinfección

instalacións auga quente sanitaria.

- A 2 8 Mantemento mensual por técnico especializado auga quente sanitaria: traballos de limpeza e desinfección instalacións auga quente sanitaria.
- A 2 9 Memorias valoradas abastecemento : elaboración de memorias valoradas e informes técnicos valorados de melloras no abastecemento a petición do concello.
- A 3 0 Padrón de abastecemento. Realización do Padrón de abastecemento dos concellos
- A 3 1 Realización do protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo de cada concello (P.A.X.) incluíndo todos os abastecementos ós que resulte de aplicación do RD 140/2003 e posteriores modificación legislativas
- A 3 2 Plans de emerxencia seca: realización plans de emerxencia ante períodos de seca dos municipios segundo os criterios sinalados pola xunta de Galicia. Instrumento básico de planificación para xestionar os posibles episodios de seca e así garantir o abastecemento á poboación e se fomenta o emprego eficiente dos recursos hídricos. O custe sería segundo o número de núcleos do municipio.
- A 3 3 Precintado contadores (coa lectura de contadores).
- A 3 4 Modificación Protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo.
- A 3 5 Realización de inspeccións necesarias na xestión comercial do ciclo hidráulico
- A 3 6 Xestión SINAC e programación anual: Realización do calendario analítico anual así como a supervisión, asesoramento e carga de boletíns analíticos na plataforma SINAC
- A 3 7 Auscultación e detección de fugas abastecemento. A solicitude deberase realizar por escrito a Deputación Provincial cando os concellos teñan a necesidade do servizo

B) Saneamento

- S 1 Análise de auga residual poboación maior a 250 habitantes equivalentes, na entrada e saída
- S 2 Análise de auga residual poboación menor a 250 habitantes equivalentes, na saída
- S 3 Análise de comprobación por entidade colaboradora da administración (E.C.A.).
- S 4 Análise de permiso de vertedura
- S 5 Autorización vertido poboación maior a 250 habitantes equivalentes.

- S 6 Autorización vertido poboación menor a 250 habitantes equivalentes .
- S 7 Control de alarmas: control sobre as instalacións onde existan sistemas de aviso de alarmas ante funcionamento incorrecto. A asistencia consistirá na recepción e xestión destas alarmas así como aviso ao persoal designado polo concello.
- S 8 Control de estacións de bombeo de auga residuais: mantemento preventivo estacións bombeo de augas residuais. Inclúese control sistema alarmas, se dispón, e rexistro datos técnicos de funcionamento.
- S 9 Explotación EDARs biolóxicas e Biodiscos,: o obxecto desta asistencia consistirá en garantir un correcto estado de funcionamento das instalacións, mediante visitas técnicas periódicas, nas que se establecerán claramente as pautas de funcionamento que deberán adoptar o persoal que realice as tarefas diarias de seguimento da depuradora. Xestión técnica anual: Control analítico: Realizarase unha toma de mostras mensual.; Seguridade e Saúde: Realización dunha avaliación inicial de riscos laborais.; Formación: Realízase unha formación dos traballadores en mantemento de depuradora. Xestión Técnica Periódica; Toma de datos dos equipos e entrega dos partes de control de mantemento e datos e recollida dos partes do mes anterior.; Análise de parámetros in situ.; Control da xestión de lodos.; Realización de propostas de mellora. Xestión Técnica Operativa; Xestión de lodos.; Xestión de alarmas
- S 1
0 Informe permiso vertedura: elaboración de informe permiso de vertedura á rede de sumidoiros para empresas.
- S 1
1 Informe E.C.A.: O obxectivo desta asistencia técnica é a tramitación do Informe Técnico elaborado por Entidade Colaboradora coa Administración (ECA). Informe necesario para aprobación por parte do organismo de conca para solicitar permiso de vertedura, modificacións do existente, etc.
- S 1
2 Limpeza de fosas sépticas: retirada e xestión de lodos das fosas séptica.
- S 1
3 Limpeza pozo EDAR Compactas: limpeza e tratamento dos lodos resultantes dos pozos entrada nas depuradoras compactas.
- S 1
4 Mantemento EDAR Compactas de aireación prolongada: servizo de mantemento preventivo e correctivo das depuradoras compactas situadas no ámbito territorial da entidade local, realizando un seguimento continuo do seu funcionamento e asegurando a normalidade na prestación de servizo de depuración de augas residuais. O servizo non incluírá o mantemento da rede de sumidoiros conectada á depuradora, nin a subministración de enerxía eléctrica. Plan Mantemento Preventivo/Correctivo: Realización dun Plan de Mantemento Preventivo periódico na depuradora compacta, que consistirá en dúas visitas mensuais periódicas á planta por persoal técnico especializado, na que se realizarán as seguintes tarefas:; Toma de datos dos equipos; Cumprimentación do check-list do estado xeral da planta. ;Limpeza da reixa do pozo; Limpeza; Mantemento preventivo dos equipos.; Farase o mantemento correctivo se estivera algún equipo avariado. Seguimento funcionamento da depuradora compacta: Realizarase unha Análise de entrada e de saída en cada trimestre natural, que permitirá establecer o rendemento funcional da depuradora, identificando deste xeito os potenciais problemas de funcionamento e as súas alternativas de solución. Análises por Entidade Colaboradora no caso de ser precisa pola Autorización de Vertido: Estas mostras realízanse co obxectivo de dar cumprimento á Autorización de Vertido correspondente a cada instalación, analizándose os parámetros que se indiquen.
- S 1
5 Memorias e informes: elaboración de memorias e informes técnicos valorados de melloras no saneamento e sistemas de depuración.
- S 1
6 Xestión residuos: transporte e xestión de lodos EDARs.

- S 1 7 Padrón de saneamento. Asistencia técnica para realización do padrón de saneamento dos concellos
- S 1 8 Desatascos e limpeza de rede de sumidoiros municipais. A solicitude deberase realizar por escrito a Deputación Provincial cando os concellos teñan a necesidade do servizo
- S 1 9 Inspección por cámara de TV de tubos de saneamento. A solicitude deberase realizar por escrito a Deputación Provincial cando os concellos teñan a necesidade do servizo.
- S 2 0 Revisión EDAR compactas de aireación prolongada: incluíndo o desmontaxe da planta, apertura de tapas superiores, extracción de filtros lamelares, retirada de lodos do reactor biolóxico e filtro mediante camión CIS, limpeza con auga das cámaras interiores, colocación dos filtros, e posta en servizo da planta. (O transporte e retirada de lodos segundo a acción S12).
- S 2 1 Instalación sonda de osíxeno en EDAR compactas de aireación prolongada
O obxectivo final é diminuír o consumo eléctrico polo traballo descontinuo da bomba soplante. Instalación de novas sondas de osíxeno e controlers de última xeración que permitan a redución do consumo eléctrico destas EDARS. O equipo proposto é o sensor óptico dixital sen calibración FDO 700 IQ (ou similar) acompañado do Controler DIQ/S 181 (ou similar) marca WTW.
- S 2 2 Instalación soplante 4kw en EDAR compactas de aireación prolongada
Esta nova asistencia propón actuar sobre as bombas soplantes de 4 kw que actualmente están instaladas nalgunhas EDARs Compactas.
Nas depuradoras que posúan bombas soplantes (4 Kw) proponse a substitución do motor das mesmas por outros de menor consumo eléctrico.
- S 2 3 Redución da soplante en EDAR compactas de aireación prolongada
Nas depuradoras que posúan bombas soplantes de 7,5 kW proponse a substitución das mesmas por bombas soplantes pequenas de 4 kw.

C) Augas de baño

- B 1 Análise lexionela : Recollida de mostra e análise segundo a normativa vixente.
- B 2 Análise de piscina climatizada: Recollida de mostra e análise segundo a normativa vixente en piscina climatizada incluíndo dous análises de lexionela
- B 3 Análise de piscina non climatizada: Recollida de mostra e análise segundo a normativa vixente
- B 4 Actualización do protocolo de autocontrol de piscinas
- B 5 Protocolo de piscina aire libre: realización do protocolo de autocontrol para piscinas de vaso descuberto, de uso descontinuas e non climatizadas
- B 6 Protocolo de piscina cuberta: realización do protocolo de autocontrol para piscinas de vaso cuberto, de uso continuo e climatizadas

B 7 Remisión e asesoramento dos datos relativos ao informe anual SILOE de entrega no Ministerio de Sanidade (SILOE)

As accións propostas son as mesmas que as do programa 2021, a Deputación Provincial de Ourense realizará o servizo de asistencia técnica por xestión indirecta a través da entidade Aquaourense, Sociedade Provincial de Augas e Medio Ambiente, SA, sociedade de capital mixto participada pola Deputación Provincial, na súa condición de concesionaria do servizo provincial de asistencia e cooperación coas entidades locais en materia de servizos relacionados co ciclo hidráulico e medio ambiente.

A prestación das asistencias técnicas pola Deputación non prexulga nin altera a competencia das entidades locais para a adopción de todos os actos administrativos que esixa a xestión do servizo, nin altera tampouco o modo de xestión, que continuará a ser a xestión directa pola propia entidade local ata que este réxime de prestación non sexa modificado por eles. En consecuencia, a xestión do servizo continuará sendo de titularidade municipal para todos os efectos, limitándose a Deputación Provincial a prestarlle asistencia ás mencionadas entidades locais, nos termos recollidos nesta cláusula.

Proposta prezos públicos.

En consideración polo servizo prestado a concesionaria da Deputación Provincial percibirá os mesmos prezos que para o ano 2021.

Con carácter xeral a calquera entidade que o solicite:

A. Abastecemento

A1	Análise completa .	459,25 €
A2	Análise de auga captación menor 50 habitantes	200,00 €
A3	Análise de auga captación maior 50 habitantes	459,25 €
A4	Análise de billa	35,00 €
A5	Análise de control de rede ou depósito	48,00 €
A6	Análise de microcistinas	60,00 €
A7	Análise de radioactividade - DIT	120,24 €
A8	Análise de radioactividade - radon	58,45 €
A9	Análise de radionucleidos	888,58 €
A10	Análise de trihalometanos	45,60 €
A11	Análise de praguicidas	55,00 €
A12	Análise parámetro tubeira (en billa en rede ou en depósito)	18,00 €
A13	Análise resto parámetro	45,00 €
A14	Asesoramento do persoal mantemento	100,00 €
A15	Asistencia facturación e cobro, xestión comercial do ciclo hidráulico. Custo por abonado	0,82 €
A16	Carteis para fontes	20,00 €
A17	Carteis para o servizo de abastecemento	30,00 €
A18	Concesións de auga abastecemento	500,00 €
A19	Contraanálise de análise de billa	35,00 €

A20	Contraanálise de análise de control	48,00 €
A21	Control alarmas	2.066,12 €
A22	Cortes e reanudacións de subministro de servizo, custo por abonado	15,00 €
A23	Explotación de Servicios de Abastecemento con potabilizadora	
A23a	Sen visitas	1.652,89 €
A23b	2 visitas anuais	2.892,56 €
A23c	4 visitas anuais	4.132,23 €
A23d	6 visitas anuais	6.611,57 €
A23e	12 visitas anuais	9.917,36 €
A24	Explotación de Servicios de Abastecemento sen potabilizadoras:	
A24a	Sen visitas	826,45 €
A24b	2 visitas anuais	2.066,12 €
A24c	4 visitas anuais	3.140,50 €
A24d	6 visitas anuais	4.297,52 €
A24e	12 visitas anuais	8.595,04 €
A25	Lectura contadores custo por abonado	1,47 €
A26	Limpeza e desinfección de depósitos incluíndo análise control mais certificado limpeza depósitos.	
A26a	Limpeza e desinfección de depósitos menores a 100 m3, incluíndo análise control mais certificado limpeza depósitos.	550,00 €
A26b	Limpeza e desinfección de depósitos entre 100 e 500 m3, incluíndo análise control mais certificado limpeza depósitos.	700,00 €
A26c	Limpeza e desinfección de depósitos maiores a 500 m3, incluíndo análise control mais certificado limpeza depósitos.	900,00 €
A27	Limpeza e desinfección en instalacións con acumulador de auga quente sanitaria A.Q.S.	
A27a	Con un acumulador de auga quente sanitaria A.Q.S.	362,50 €
A27b	Con dous acumuladores de auga quente sanitaria A.Q.S.	462,50 €
A28	Mantemento mensual por técnico especializado auga quente	30,00 €
A29	Memorias valoradas	150,00 €
A30	Padrón de abastecemento custo por abonado	4,50 €
A31	Realización do protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo (P.A.X.),	900,00 €
A32	Plans de emerxencia seca:	
A32a	Menor ou igual a 5 núcleos de poboación	7.500,00 €

A32b	de 6 a 11 núcleos de poboación	10.150,00 €
A32c	de 11 a 16 núcleos de poboación	12.450,00 €
A32d	de 17 a 21 núcleos de poboación	16.300,00 €
A32e	Mais de 22 núcleos de poboación	20.500,00 €
A33	Precintado contadores (coa lectura de contadores). Custo por contador.	0,50 €
A34	Modificación Protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo	150,00 €
A35	Realización de inspeccións necesarias na xestión comercial do ciclo hidráulico, custo por período de lectura.	183,00 €
A36	Xestión SINAC e programación anual	183,00 €
A37	Detección Fugas	0,00 €

B. Augas de Baño

B1	Análise de lexionela	36,00 €
B2	Análise de piscina climatizada.	117,00 €
B3	Análise de piscina non climatizada	45,00 €
B4	Modificación do protocolo de autocontrol de piscinas	110,00 €
B5	Protocolo de piscina aire libre.	400,00 €
B6	Protocolo de piscina cuberta.	600,00 €
B7	Remisión información ministerio sanidade (SILOE)	135,00 €

C. Saneamento

S1	Análise de auga residual poboación maior a 250 habitantes equivalentes, na entrada e saída	418,40 €
S2	Análise de auga residual poboación menor a 250 habitantes equivalentes, na saída	182,40 €
S3	Análise de comprobación E.C.A.	200,00 €
S4	Análise de permiso de vertedura	200,00 €
S5	Autorización vertido poboación maior a 250 habitantes equivalentes.	300,00 €
S6	Autorización vertido poboación menor a 250 habitantes equivalentes .	180,00 €
S7	Control de alarmas.	1.735,54 €
S8	Control de estacións de bombeo de auga residuais	
S8a	1 visita mensual	1.245,80 €

S8b	2 visita mensual	2.056,41 €
S8c	4 visita mensual	3.015,46 €
S9	Explotación EDARs biolóxicas e Biodiscos:	
S9a	1 visita mensual	4.132,23 €
S9b	2 visita mensual	5.173,55 €
S9c	3 visita mensual	7.256,20 €
S9d	4 visita mensual	9.338,84 €
S10	Informe de permiso de vertedura	250,00 €
S11	Informe E.C.A.	150,00 €
S12	Limpeza de fosas sépticas: m3 de lodos retirados e xestionados.	53,55 €
S13	Limpeza pozo EDAR compactas. Ano	537,19 €
S14	Mantemento EDAR compactas: Ano	2.817,02 €
S15	Memorias e informes.	150,00 €
S16	Xestión residuos: transporte e xestión de lodos EDARs. Ano	1.652,89 €
S17	Padrón de saneamento dos concellos, custo por abonado	1,98 €
S18	Desatascos	0,00 €
S19	Inspección CCTV	0,00 €
S20a	Limpeza EDAR compactas de aireación prolongada STP16	345,00 €
S20b	Limpeza EDAR compactas de aireación prolongada STP25	435,00 €
S20C	Limpeza EDAR compactas de aireación prolongada STP50	575,00 €
S21	Instalación sonda osíxeno	2.637,46 €
S22	Instalación Soplante 4kw	1.750,20 €
S23	Redución soplante	1.945,15 €

Bonificacións:

Os prezos públicos sinalados aplicaráselle o IVE vixente en cada momento, e estableceranse as seguintes bonificacións atendendo á filosofía recollida nos convenios de asistencias técnicas derogados no ano 2020, para aquelas entidades locais que acrediten o cumprimento, dos obxectivos establecidos nos artigos 111 bis da Lei de augas e na Directiva marco da Unión Europea en materia de xestión de augas, non se cobrarán as accións:

A4	Análise de billa
A5	Análise de control de rede ou depósito
A10	Análise de trihalometanos .

A12	Análise parámetro tubeira (en billa en rede ou en depósito) .
A13	Análise resto parámetro .
A14	Asesoramento do persoal mantemento
A19	Contraanálise de análise de billa .
A20	Contraanálise de análise de control
A36	Xestión SINAC e programación anual

Sempre que o soliciten os concellos para os efectos deste programa, considerárase que os concellos ou, se é o caso, as mancomunidades acadarán os ditos obxectivos sempre que dispoñan, ao 1 de xaneiro de 2022, dunha taxa por abastecemento de auga potable debidamente aprobada e cunha estrutura tarifaria que permita a recuperación dos custos do servizo e desincentive o consumo, en aplicación do principio de que, quen contamina, paga.

Esta bonificación debería ter efecto sempre que as entidades locais comuniquen o cumprimento destes requisitos dentro do primeiro trimestre do ano 2022.

Tamén establécese un prezo bonificado nun 25 %, na acción S14 para aquelas entidades locais que acrediten o cumprimento, a 1 de xaneiro do 2022, dunha taxa por depuración de augas residuais debidamente aprobada e cunha estrutura tarifaria que permita a recuperación dos custos do servizo e desincentive o consumo, en aplicación do principio de que, quen contamina, paga.

Ademais, na acción S12, que se identifica coa limpeza de fosas, si o concello comunica a realización da limpeza en común de lotes de 6 a 11 fosas terá unha bonificación 4% , entre 12 a 18, bonificación 7%, e si son máis de 18 actuacións, a bonificación será do 10%.

Este ano para axilizar a acción de limpeza depósitos A26 (a, b y c) e sempre que se pida de modo conxunto propónse a seguinte bonificación:

UD/ANO	BONIFICACIÓN
5-7	5%
8-11	10%
>12	15%

O único requisito que as entidades soliciten a limpeza programada do número de depósitos para poder ter acceso a bonificación.

Ademais das accións xerais propónse, como en anos anteriores, para o ano 2022 os seguintes programas específicos:

- A.** Xestión en alta da estación de tratamento de auga potable de Melias e bombeo en alta
- B.** Asistencias para o consorcio de Valdeorras.
 - 1.1- Asistencia técnica para a xestión do servizo de abastecemento de auga potable delegada no consorcio de Valdeorras (O Barco de Valdeorras).
 - 1.2- Asistencia técnica para a xestión do servizo de saneamento (rede sumidoiros) delegada no consorcio de augas de Valdeorras (O Barco de Valdeorras).
 - 1.3- Asistencia técnica para a xestión do servizo de depuración comarcal de Valdeorras.

A) Proposta de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos de O Pereiro de Aguiar e Nogueira de Ramuín para a prestación de asistencia técnica para a xestión da estación de tratamento de auga potable de Melias, incluíndo o bombeo en fervenza e os seus correspondentes depósitos, sitos en Agra de Arriba – Lamagrande e San Miguel - Faramontaos.

Proponse repetir os prezos baseados na estrutura de custos do ano 2020, incluíndo como prestación de servizo a asistencia técnica para a xestión do seu funcionamento ordinario, mantemento preventivo e correctivo, con reposición e amortización das instalacións e a realización das analíticas necesarias e traslado o SINAC.

Proposta de tarifa fixa:

PROPOSTA TARIFA FIXA 2022		sen IVE	
Concello	%	Ano	Mes
Nogueira de Ramuín	25	28.283,46 €	2.356,95 €
O Pereiro de Aguiar	75	84.850,37 €	7.070,86 €

Mantendo o prezo base único ao metro cúbico que cubriría os custos de 0,22 €/m³ e mantendo a bonificación para os mananciais de Nogueira en 0,209 €/m³, para cubrir os custos variables.

Este valor é estimado para cubrir os custos da parte variable da enerxía e se deberá liquidar ao final de ano coa cantidade efectivamente facturada á Deputación Provincial de Ourense pola empresa subministradora neste concepto.

B) PROPOSTAS PARA A ASISTENCIA TÉCNICA A XESTIÓN DOS SERVIZOS MUNICIPAIS DO CICLO URBANO DA AUGA DELEGADOS NO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS PARA OS ORZAMENTOS DO EXERCICIO 2022.

Seguindo a estratexia de xestión de anos anteriores, proponse un único programa de colaboración no que se distinguen tres asistencias técnicas por parte da Deputación Provincial de Ourense ó Consorcio de Augas de Valdeorras, todas elas con dúas partes, segundo a súa xestión, a saber:

- a) a realizar pola Deputación por xestión indirecta con un prezo certo (a risco e ventura da concesionaria da Deputación en materia de medio ambiente), e que se xustifica de seguido.
- b) a realizar por xestión directa da Deputación (compra de enerxía eléctrica e combustible) a liquidar segundo o consumido, e para a que se fai unha estimación.

1.1- Asistencia Técnica para a xestión do servizo de abastecemento de auga potable delegada no consorcio de Valdeorras (O Barco de Valdeorras).

O obxecto e custo de esta asistencia e o seguinte:

1.1.1- Programación e supervisión técnica do mantemento preventivo dos sistemas de almacenamento e regulación de auga potable (ETAP's e depósitos) e da rede de distribución, mantemento correctivo dos sistemas de almacenamento e regulación de auga potable (ETAP's e depósitos) e da rede de distribución, supervisión e asistencia técnica para a execución de acometidas de abastecemento, realización dos controis analíticos de calidade da auga abastecida e asistencia para o cumprimento das obrigas derivadas do Real Decreto 140/2003, asistencia para a lectura de contadores, elaboración de padróns de contribuíntes e preparación material da facturación das taxas de abastecemento e do canon da auga (nesta prestación incluírase a asistencia para a elaboración dos padróns da taxa polo servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, ao estar actualmente unificados os recibos destes tributos neste municipio),

limpeza ordinaria de depósitos, formación continua do persoal do Consorcio e asistencia en materia de prevención de riscos laborais e asistencia xurídica para a elaboración de ordenanzas e xestión dos expedientes relacionados cos servizos (incluída a elaboración de ordenanzas fiscais e dos informes xurídicos e económicos precisos).

Segundo o cadro resumo, o custo ascende a 135.466,00 €/ano máis IVE, (173.748,69 €/ano con 21% de IVE actual).

	TOTAL	ETAP CANDIS	ETAP VILOIRA	REDE ABASTECIMIENTO
ACTIVIDADE	CUSTO (€/ANO)	CUSTO (€/ANO)	CUSTO (€/ANO)	CUSTO (€/ANO)
MANTEMENTO PREVENTIVO				
Mantemento bombas	1.800,00 €	800,00 €	1.000,00 €	
Mantemento cadros eléctricos	780,00 €	190,00 €	590,00 €	
Limpeza depósitos	1.000,00 €			1.000,00 €
Mantemento elementos hidráulicos	5.475,00 €	575,00 €	1.000,00 €	3.900,00 €
Correctivo bombas	2.600,00 €	1.200,00 €	1.400,00 €	
Correctivo cadros eléctricos	1.445,00 €	910,00 €	535,00 €	
MANTEMENTO CORRECTIVO				
Correctivo elementos hidráulicos	2.200,00 €	1.000,00 €	1.200,00 €	
Avarias rede	5.300,00 €			5.300,00 €
Reposición	5.300,00 €			5.300,00 €
Contadores	24.138,00 €			24.138,00 €
REACTIVOS				
Hipoclorito	5.810,00 €	3.210,00 €	1.600,00 €	1.000,00 €
Coagulante	1.535,00 €	1.000,00 €	535,00 €	
Completo	1.400,00 €			1.400,00 €
Control Depósitos	1.500,00 €			1.500,00 €
Control Rede	2.300,00 €			2.300,00 €
CONTROL ANALÍTICO				
Billa	3.300,00 €			3.300,00 €
Radioactividade	575,00 €			575,00 €
Varios e organolépticos	2.100,00 €			2.100,00 €
XESTIÓN ABOADOS				
Lectura (8.300 aboados)	26.000,00 €			26.000,00 €
Facturación (8.300 aboados)	14.700,00 €			14.700,00 €
AQUA OURENSE				
TOTAL	135.466,00 €	17.621,00 €	16.596,00 €	101.249,00 €

Sendo o custe para este 2022 o mesmo que para o 2021.

AT ABASTECIMIENTO O BARCO

IMPORTE		135.466,00 €
GX	6%	8.127,96 €
TOTAL		143.593,96 €
IVE	21%	30.154,73 €
TOTAL AT anual		143.593,96 €

1.1.2-Xestión da contratación e facturación dos distintos conceptos relativos ó subministro de enerxía eléctrica para os distintos elementos que integran o servizo (incluída a parte proporcional das oficinas de atención ó público compartidas polos tres servizos).

O custe estimado é de 32.000 €/ano IVE incluído.

*1.2- Asistencia Técnica para a xestión do **servizo de saneamento** (rede sumidoiros) delegada no consorcio de augas de Valdeorras (O Barco de Valdeorras).*

O obxecto e custo de esta asistencia e o seguinte:

1.2.1- Programación e supervisión técnica do mantemento preventivo dos elementos constitutivos de manobra, control e protección e da rede de saneamento, mantemento correctivo dos elementos constitutivos de manobra, control e protección e da rede de saneamento, supervisión e asistencia técnica para a execución de acometidas de saneamento, asistencia para a elaboración de padróns de contribuíntes e preparación material da facturación das taxas de saneamento, formación continua do persoal do Consorcio e asistencia en materia de prevención de riscos laborais e asistencia xurídica para a elaboración de ordenanzas e xestión dos expedientes relacionados cos servizos, incluída a elaboración de ordenanzas fiscais e dos informes xurídicos e económicos precisos

Segundo o cadro resumo da páxina seguinte, o custo ascende a 39.626,30 €/ano máis IVE, (47.974,83 €/ano con 21% de IVE actual).

	<i>TOTAL</i>	<i>REDE SUMIDOIROS</i>	<i>BOMBEO MALECO N</i>	<i>BOMBEO RUA ESPAÑA</i>	<i>BOMBEO HELENA QUIROGA</i>	<i>BOMBEO CAMPIÑO</i>	<i>BOMBEO HERNÁN CORTES</i>	<i>BOMBEO PELAMBRES</i>
A1	Análise completa
A4	Análise de billa
A5	Análise de control de rede ou depósito
A6	Análise de microcistinas
A7	Análise de radioactividade - DIT
A8	Análise de radioactividade - Radón
A9	Análise de radionucleidos
A10	Análise de trihalometanos
A11	Análise de praguicidas
A12	Análise parámetro tubeira (en billa en rede ou en depósito)
A13	Análise resto parámetro
A14	Asesoramento do persoal mantemento
A31	Realización do protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo(P.A.X.)
A34	Modificación Protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo
A36	Xestión SINAC e programación anual
B1	Análise de lexionela
B2	Análise de piscina climatizada
B3	Análise de piscina non climatizada
B7	Remisión información ministerio sanidade (SILOE)
S5	Autorización vertido poboación maior a 250 habitantes equivalentes
S6	Autorización vertido poboación menor a 250 habitantes equivalentes
S12	Limpeza de fosas sépticas: m3 de lodos retirados e xestionados
S13	Limpeza pozo EDAR compactas Ano
S14	Mantemento EDAR compactas: Ano
VEIGA, A	
A1	Análise completa
A2	Análise de auga captación menor 50 habitantes
A3	Análise de auga captación maior 50 habitantes
A4	Análise de billa
A5	Análise de control de rede ou depósito
A6	Análise de microcistinas
A7	Análise de radioactividade - DIT
A8	Análise de radioactividade - Radón
A9	Análise de radionucleidos
A10	Análise de trihalometanos
A11	Análise de praguicidas
A12	Análise parámetro tubeira (en billa en rede ou en depósito)
A13	Análise resto parámetro
A14	Asesoramento do persoal mantemento
A18	Concesións de auga abastecemento
A31	Realización do protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo(P.A.X.)
A34	Modificación Protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo
A36	Xestión SINAC e programación anual
B1	Análise de lexionela
B2	Análise de piscina climatizada
B3	Análise de piscina non climatizada
B7	Remisión información ministerio sanidade (SILOE)
VEREA	
A1	Análise completa
A2	Análise de auga captación menor 50 habitantes
A3	Análise de auga captación maior 50 habitantes
A4	Análise de billa
A5	Análise de control de rede ou depósito
A6	Análise de microcistinas
A7	Análise de radioactividade - DIT
A8	Análise de radioactividade - Radón
A9	Análise de radionucleidos
A10	Análise de trihalometanos
A11	Análise de praguicidas
A12	Análise parámetro tubeira (en billa en rede ou en depósito)
A13	Análise resto parámetro

- A14 Asesoramento do persoal mantemento
- A15 Asistencia facturación e cobro xestión comercial do ciclo hidráulico. Custo por abonado
- A18 Concesións de auga abastecemento
- A22 Cortes e reanudacións de subministro de servizo custo por abonado
- A23 Explotación de Servicios de Abastecemento con potabilizadora
- A24 Explotación de Servicios de Abastecemento sen potabilizadoras:
- A24 Explotación de Servicios de Abastecemento sen potabilizadoras:
- A25 Lectura contadores custo por abonado
- A26 Limpeza e desinfección de depósitos incluíndo análise control mais certificado limpeza depósitos.
- A28 Mantemento mensual por técnico especializado auga quente
- A29 Memorias valoradas
- A30 Padrón de abastecemento dos concellos custo por abonado
- A31 Realización do protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo(P.A.X.)
- A33 Precintado contadores (coa lectura de contadores). Custo por contador.
- A34 Modificación Protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo
- A35 Realización de inspeccións necesarias na xestión comercial do ciclo hidráulico. custo por período de lectura.
- A36 Xestión SINAC e programación anual
- B1 Análise de lexionela
- B2 Análise de piscina climatizada
- B3 Análise de piscina non climatizada
- B4 Modificación do protocolo de autocontrol de piscinas
- B5 Protocolo de piscina aire libre
- B6 Protocolo de piscina cuberta
- B7 Remisión información ministerio sanidade (SILOE)
- S5 Autorización vertido poboación maior a 250 habitantes equivalentes
- S6 Autorización vertido poboación menor a 250 habitantes equivalentes
- S12 Limpeza de fosas sépticas: m3 de lodos retirados e xestionados
- VERÍN
- S13 Limpeza pozo EDAR compactas Ano
- S14 Mantemento EDAR compactas: Ano
- VIANA DO BOLO
- S5 Autorización vertido poboación maior a 250 habitantes equivalentes
- S6 Autorización vertido poboación menor a 250 habitantes equivalentes
- S12 Limpeza de fosas sépticas: m3 de lodos retirados e xestionados
- VILAMARÍN
- S6 Autorización vertido poboación menor a 250 habitantes equivalentes
- S9 Explotación EDARs biolóxicas e Biodiscos:
- S14 Mantemento EDAR compactas: Ano
- A1 Análise completa
- A4 Análise de billa
- A5 Análise de control de rede ou depósito
- A6 Análise de microcistinas
- A7 Análise de radioactividade - DIT
- A8 Análise de radioactividade - Radón
- A9 Análise de radionucleidos
- A10 Análise de trihalometanos
- A11 Análise de praguicidas
- A12 Análise parámetro tubeira (en billa en rede ou en depósito)
- A13 Análise resto parámetro
- A14 Asesoramento do persoal mantemento
- A31 Realización do protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo(P.A.X.)
- A34 Modificación Protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo
- A36 Xestión SINAC e programación anual
- B1 Análise de lexionela
- B2 Análise de piscina climatizada
- B3 Análise de piscina non climatizada
- B7 Remisión información ministerio sanidade (SILOE)
- S5 Autorización vertido poboación maior a 250 habitantes equivalentes
- S7 Control de alarmas.
- S12 Limpeza de fosas sépticas: m3 de lodos retirados e xestionados
- S13 Limpeza pozo EDAR compactas Ano
- S16 Xestión residuos: transporte e xestión de lodos EDARs. Ano
- S9d 4 visita mensual; Explotación EDARs biolóxicas e Biodiscos
- VILAMARTÍN DE VALDEORRAS
- Íntegro Íntegro PCA
- VILAR DE BARRIO
- Íntegro Íntegro PCA
- VILAR DE SANTOS
- A1 Análise completa
- A2 Análise de auga captación menor 50 habitantes
- A3 Análise de auga captación maior 50 habitantes

- A4 Análise de billa
- A5 Análise de control de rede ou depósito
- A6 Análise de microcistinas
- A7 Análise de radioactividade - DIT
- A8 Análise de radioactividade - Radón
- A9 Análise de radionucleidos
- A10 Análise de trihalometanos
- A11 Análise de praguicidas
- A12 Análise parámetro tubeira (en billa en rede ou en depósito)
- A13 Análise resto parámetro
- A14 Asesoramento do persoal mantemento
- A18 Concesións de auga abastecemento
- A31 Realización do protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo(P.A.X.)
- A34 Modificación Protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo
- A36 Xestión SINAC e programación anual
- B4 Modificación do protocolo de autocontrol de piscinas
- B5 Protocolo de piscina aire libre
- B6 Protocolo de piscina cuberta
- S12 Limpeza de fosas sépticas: m3 de lodos retirados e xestionados
- S13 Limpeza pozo EDAR compactas Ano
- S14 Mantemento EDAR compactas: Ano

VILARDEVÓS

- A1 Análise completa
- A4 Análise de billa
- A5 Análise de control de rede ou depósito
- A6 Análise de microcistinas
- A7 Análise de radioactividade - DIT
- A8 Análise de radioactividade - Radón
- A9 Análise de radionucleidos
- A10 Análise de trihalometanos
- A11 Análise de praguicidas
- A12 Análise parámetro tubeira (en billa en rede ou en depósito)
- A13 Análise resto parámetro
- A14 Asesoramento do persoal mantemento
- A31 Realización do protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo(P.A.X.)
- A34 Modificación Protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo
- A36 Xestión SINAC e programación anual
- B1 Análise de lexionela
- B2 Análise de piscina climatizada
- B3 Análise de piscina non climatizada
- B4 Modificación do protocolo de autocontrol de piscinas
- B5 Protocolo de piscina aire libre
- B6 Protocolo de piscina cuberta
- B7 Remisión información ministerio sanidade (SILOE)
- S13 Limpeza pozo EDAR compactas Ano
- S14 Mantemento EDAR compactas: Ano

VILARIÑO DE CONSO

- A1 Análise completa
- A2 Análise de auga captación menor 50 habitantes
- A3 Análise de auga captación maior 50 habitantes
- A4 Análise de billa
- A5 Análise de control de rede ou depósito
- A6 Análise de microcistinas
- A7 Análise de radioactividade - DIT
- A8 Análise de radioactividade - Radón
- A9 Análise de radionucleidos
- A10 Análise de trihalometanos
- A11 Análise de praguicidas
- A12 Análise parámetro tubeira (en billa en rede ou en depósito)
- A13 Análise resto parámetro
- A14 Asesoramento do persoal mantemento
- A15 Asistencia facturación e cobro xestión comercial do ciclo hidráulico. Custo por abonado
- A18 Concesións de auga abastecemento
- A22 Cortes e reanudacións de subministro de servizo custo por abonado
- A25 Lectura contadores custo por abonado
- A30 Padrón de abastecemento dos concellos custo por abonado
- A31 Realización do protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo(P.A.X.)
- A33 Precintado contadores (coa lectura de contadores). Custo por contador.
- A34 Modificación Protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo
- A35 Realización de inspeccións necesarias na xestión comercial do ciclo hidráulico. custo por período de lectura.
- A36 Xestión SINAC e programación anual

S12	Limpeza de fosas sépticas: m3 de lodos retirados e xestionados
XINZO DE LIMIA	
A2	Análise de auga captación menor 50 habitantes
A3	Análise de auga captación maior 50 habitantes
A18	Concesións de auga abastecemento
B1	Análise de lexionela
B2	Análise de piscina climatizada
B3	Análise de piscina non climatizada
B4	Modificación do protocolo de autocontrol de piscinas
B5	Protocolo de piscina aire libre
B6	Protocolo de piscina cuberta
B7	Remisión información ministerio sanidade (SILOE)
XUNQUEIRA DE AMBÍA	
S5	Autorización vertido poboación maior a 250 habitantes equivalentes
S6	Autorización vertido poboación menor a 250 habitantes equivalentes
XUNQUEIRA DE ESPADANEDO	
A1	Análise completa
A4	Análise de billa
A5	Análise de control de rede ou depósito
A6	Análise de microcistinas
A7	Análise de radioactividade - DIT
A8	Análise de radioactividade - Radón
A9	Análise de radionucleidos
A10	Análise de trihalometanos
A11	Análise de praguicidas
A12	Análise parámetro tubeira (en billa en rede ou en depósito)
A13	Análise resto parámetro
A14	Asesoramento do persoal mantemento
A31	Realización do protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo(P.A.X.)
A34	Modificación Protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo
A36	Xestión SINAC e programación anual
S5	Autorización vertido poboación maior a 250 habitantes equivalentes
S6	Autorización vertido poboación menor a 250 habitantes equivalentes
S12	Limpeza de fosas sépticas: m3 de lodos retirados e xestionados

2º.- Someter a información pública, por prazo de dez días hábiles, o presente acordo de aprobación inicial, mediante anuncio na sede electrónica da Deputación Provincial e no Boletín Oficial da Provincia. As reclamacións ou alegacións que se formulen no dito prazo serán resoltas polo Pleno da Corporación. No caso de non formularse alegacións, o acordo de aprobación inicial entenderase automaticamente elevado a definitivo, procedéndose a súa publicación, sen prexuízo da súa inmediata entrada en vigor.

9º.- RATIFICACIÓN DA DECISIÓN DE INICIAR O EXPEDIENTE PARA O OUTORGAMENTO DO TÍTULO HONORÍFICO DE FILLO ADOPTIVO DA PROVINCIA DE OURENSE A DON MANUEL VILLANUEVA DE CASTRO.

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): sinala que neste punto o BNG vai a adoptar unha postura de responsable abstención e reserva de voto, se ben espera que a

proposta que presente o deputado instructor os faga mudar o sentido do voto e apoiar esta proposta. En todo caso manifesta que, como xa ten indicado en anteriores propostas similares durante mandato, a ante o incremento da concesión de honras deste tipo, estas deben limitarse para evitar deturpar aos seus merecentes.

- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): manifesta que o grupo socialista vai apoiar esta proposta, indicando que consideran un acerto que Manuel Villanueva se incorpore á relación de fillos adoptivos desta provincia. Destaca desta persoa a súa importancia no apoio ao audiovisual galego nas súas orixes e agora como director de contidos de *Mediaset España*. Lembra o seu vínculo co concello do Carballiño que xa lle outorgou a medalla das XOCIVIGA no ano 2018 pola súa participación no inicio das Xornadas e pola súa colaboración permanente con este concello e coa provincia en xeral.

- 1ª intervención Ana Patricia Torres (grupo do PP): sinala que Manuel Villanueva é unha persoa que se sente orgullosa de estar en Ourense e levar a imaxe da provincia por toda España, razón pola que están totalmente a favor desta proposta.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (9), de DO (1), e da/o deputada/o non adscritos (2) e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Ratificar a decisión da Presidencia do inicio do expediente de outorgamento do título honorífico de Fillo Adoptivo da Provincia de Ourense a don Manuel Villanueva de Castro, mediante a seguinte providencia do 9 de novembro de 2021:

“Unha vez vista a recoñecida traxectoria de don Manuel Villanueva de Castro, nado en Marín (Pontevedra) e 1957, e a súa intensa relación coa nosa provincia, que inicia mesmo dende a infancia e a adolescencia, xa que pasaba de forma habitual a primeira quincena do mes de setembro na vila do Carballiño, localidade a que seguiu vencellado posteriormente, na súa etapa profesional na Radio Autónoma Galega e na TVG, asistindo anualmente para colaborar e cubrir a información das Xociviga. Despois, tanto na súa etapa en Canal+, como na actualidade como director xeral de contidos de Telecinco e Mediaset España, Manuel Villanueva, tense caracterizado por un apoio permanente a cantas iniciativas se lle teñen proposto dende Ourense, contando sempre co seu apoio persoal e a súa inestimable influencia por ser recoñecido actualmente como un dos directivos máis importantes da televisión en España.

De conformidade co artigo 10 do Regulamento de Honores e Distincións da Deputación Provincial de Ourense, o órgano competente para ordenar a instrución do expediente será a

Presidencia. Sen prexuízo disto, considérase oportuno solicitar o parecer do Pleno da Corporación en canto a ratificar a decisión de iniciar a instrución do expediente.

*Polo exposto, **DISPOÑO**:*

1º.- Incoar o expediente para o outorgamento do título honorífico de Fillo Adoptivo da Provincia de Ourense ao comunicador Manuel Villanueva de Castro.

2º.- Designar ao deputado provincial e vicepresidente segundo don César Manuel Fernández Gil como instrutor do expediente, conforme co que dispón o capítulo III do Regulamento de Honores e Distincións da Deputación de Ourense. O deputado instrutor actuará asistido polo asesor de presidencia don Aurelio Gómez Villar, que actuará como secretario do expediente.

3º.- Solicitalle á Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade que ditamine favorablemente a ratificación, por parte do Pleno da Deputación Provincial de Ourense, da decisión de iniciar o dito expediente”.

10º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O IMPULSO DUNHA NOVA LIÑA FERROVIARIA ENTRE AS PROVINCIAS DE OURENSE E PONTEVEDRA

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentou unha emenda de substitución o Grupo Popular e unha emenda de adición o BNG. Cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): comeza indicando que esta moción xa foi levada e aprobada no pleno do concello de Ourense, e que se trata de facer nosa a proposta da *plataforma pola defensa do tren Vigo – Ourense por Mondariz*. Sinala na moción que durante, polo menos, a próxima década, as cidades de Ourense e Vigo estarán unidas por trens de alta velocidade que tardarán case media hora máis que un turismo por autoestrada. Este dato, que pode parecer estrambótico, será a realidade do transporte público entre a primeira e a terceira cidade de Galicia durante bastantes anos, como consecuencia da ausencia dunha liña ferroviaria directa e competitiva entre as provincias do sur da comunidade autónoma. No seu lugar, o 1,3 millóns de persoas que residen en ambas provincias, así como o resto de centos de miles de posibles usuarios e usuarias doutros lugares do Estado que pretendan viaxar ás Rías Baixas ou ás termas desde a nosa provincia veciña, deberán dar un rodeo inaudito polas proximidades de Santiago de Compostela. Deberán percorrer 180 quilómetros, no lugar dos 90 que separan Ourense da costa. Isto suporá sufrir uns servizos ferroviarios non competitivos nin en tempo nin en prezo, xa que será máis barato e máis rápido viaxar en coche ou autobús. Ante esta

situación, cómpre reflexionar sobre a imperiosa necesidade de conectar as dúas provincias mediante un novo trazado ferroviario competitivo, que supla a sinuosa liña polo río Miño, a piques de cumprir 150 anos. Pero que tamén evite o basto rodeo pola provincia da Coruña, percorrendo decenas e decenas de quilómetros en sentido contrario a destino final, nunha situación inédita en todo o Estado. Tras inaugurarse en 2011 a liña de alta velocidade (LAV) entre Ourense e Santiago de Compostela, a lonxitude do itinerario entre ambas urbes reduciuse de 130 a tan só 88 quilómetros. Isto permitiu recortar enormemente os tempos de viaxe previos á LAV (unha hora e media), ata os actuais 35 ou 36 minutos que, nun futuro a curto prazo, con trens a 300 quilómetros por hora, quedará nuns 25 minutos. A cidade de Ourense sitúase a unha distancia lixeiramente menor de Vigo que de Santiago, polo que debe aspirar a unha solución de trazado similar a da provincia da Coruña, co fin de que os tempos de viaxe non superen os 30 minutos. Viaxar por Santiago mediante o *bypass* localizado na contorna de Conxo, así como polo trazado exposto por Cerdedo, son opcións que aumentan os tempos ferroviarios ata non ser competitivos fronte a autoestrada entre a primeira e a terceira cidade de Galicia, ao acumular máis quilometraxe, paradas previas e menor velocidade medida. A viaxe por eses tramos do Eixo Atlántico non permite superar os 200 quilómetros por hora. Vigo e a súa área metropolitana son o maior mercado potencial da provincia de Pontevedra e de toda Galicia. Ademais, esta contorna mantén unhas relacións de mobilidade moi intensas coa cidade das Burgas. Así pois, estas relacións precisan de rutas o máis directas e efectivas posible. Por iso, as distancias e os tempos son clave. Viaxar en tren de Ourense a Vigo polo actual corredor do río Miño supón percorrer 132 quilómetros nunha hora e media. Para chegar de Ourense a Vigo polo *bypass* de Santiago percórrense 178 quilómetros, actualmente en hora e media, mais nun futuro próximo podería reducirse ata unha hora e quince minutos. O trazado por Cerdedo precisaría de algo máis de 50 minutos tras consumir 114 quilómetros. Sen embargo, unha opción directa por Mondariz permitiría unir Vigo e Ourense en pouco máis de 25 minutos tras percorrer 86 quilómetros. Esta última opción tamén posibilitaría unir Madrid e Vigo en 2 horas e 45 minutos, fronte ás 3 horas e 50 minutos que os trens do modelo ‘Avril’ precisarán a partir do verán de 2022, ao ter que circular polo rodeo de 180 quilómetros por Santiago. As vantaxes dunha nova liña ferroviaria directa son globais e beneficiosas para todos e todas no sur de Galicia. Tamén Pontevedra quedaría unida con Ourense en pouco máis de 35 minutos, xa que os trens chegarían primeiro a Vigo e logo continuarían cara

o norte. Vigo deixaría de ser unha estación termo, converténdose nunha terminal pasante, posibilitando servizos desde Ourense cara a cidade do Lárez e Vilagarcía, creando novas relacións ferroviarias entre todos os grandes núcleos en condicións óptimas e competitivas fronte ás autoestradas. O custo total desta LAV sería o estándar e estaría en consonancia co resto de novas liñas executadas en España. Ademais, o tramo comprendido entre Porriño e Vigo coincidiría coa denominada “saída sur de Vigo”, un proxecto ferroviario no que xa están a traballar o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (Adif) e o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Mitma), producíndose así un importante aforro económico. Esta saída sur permitirá dar continuidade ao actual Eixo Atlántico cara Portugal e servir de novo acceso desde o sur e o interior de Galicia. Nin Ourense nin Vigo nin Pontevedra poden permanecer caladas máis tempo. Tras 17 anos de silencio, aceptando iniciativas e intereses que só pensaron nunha parte de Galicia, urxe adoptar decisións valentes que permitan ofrecer unha solución óptima, competitiva e viable ás conexións ferroviarias do sur de Galicia, entre as súas cidades e vilas, pero tamén co resto da península ibérica durante o próximo século. Desde hai uns meses, numerosos colectivos como a ‘Plataforma de defensa da liña entre Ourense e Vigo por Mondariz’, o ‘Foro Liceo’ ou as confederacións de empresarios defenden esta opción pola mellora global das comunicacións que supón; pola economía dos tempos de viaxe que aportará; porque suporía reducir accidentes nas estradas e autoestradas ou porque permitiría paliar a contaminación e impulsar a transición enerxética, argumentos que, desde o PSdeG-PSOE, compartimos plenamente. As proposta de acordo da moción son as de instar á Deputación Provincial de Ourense a manifestarse publicamente en defensa dunha nova liña ferroviaria de alta velocidade, que una Ourense e Vigo da forma máis directa posible, con tempos de viaxe competitivos e comparables aos da liña que une Ourense con Santiago de Compostela e solicitar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Mitma) a licitación inmediata dun estudo informativo, para a execución dunha nova liña ferroviaria de alta velocidade entre Ourense e Vigo, a través dunha ruta o máis directa posible, que aproveite o tramo coñecido como ‘saída sur de Vigo’, actualmente en tramitación.

Manifesta por último que aceptarán a emenda de adición que formula o grupo do BNG, e no caso da emenda do grupo do PP pide que se lle explique a diferenza entre os enunciados dos

puntos primeiros da moción orixinal do grupo socialista e da emenda de substitución do grupo popular.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): indica que na súa intervención vai facer unha breve reflexión sobre o ocorrido nos últimos vinte minutos neste pleno e máis cando no próximo punto imos tratar unha moción relativa á eliminación da violencia contra a muller. Indica que no anterior punto, o voceiro socialista Rodríguez-Villarino, a quen ela sempre se dirixe con respecto e polo seu nome, referiuse á súa persoa como “algunha persoa” ou “algunha outra persoa”, mentres que cando se dirixe ao resto dos deputados e deputadas os denomina polo seu nome e apelidos. Engade que a moción contra a violencia machista, xa que vai asinada polo deputado Rodríguez Villarino, debera ser retirada, xa que se trata de violencia verbal. Sobre a moción que se está a debater entende que a diferenza da emenda do grupo popular e a moción socialista é clara, xa que mentres o PSOE quere indicar a ruta pola que debe ir a conexión Ourense-Vigo, a emenda abre o abano de opcións para o percorrido desta liña ferroviaria.

- 1ª intervención José Miguel Caride (non adscrito): manifesta que o matiz diferenciador entre a moción e a emenda é precisamente indicar por onde debe ir a liña ferroviaria, que debe ser o máis curto, que é por Mondariz, que son 80 quilómetros, 20 minutos e un custo de construción moito menor, e que permitiría a Ourense ter a desexada conexión con Vigo. Engade que é totalmente incomprendible que en decembro de 2021 poidamos viaxar a Madrid en dúas horas e quince minutos en tren, e precisemos de hora e media para ir de Ourense a Vigo, cando a nosa dependencia real, social e económica é con Vigo e co sur de Galicia. Polo tanto tecnicamente é a liña máis viable, máis económica e gañamos tempo, polo que debe trazarse pola liña por Mondariz e que una Ourense e Vigo en vinte minutos.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): comeza indicando que non lle gustan nada as emendas de substitución, e que non pode ser que o grupo popular non presente ningunha moción ou iniciativa neste pleno e vía emenda e grazas á súa maioría vai aprobar tres acordos por esta vía. Sobre a moción, indica concordar coa moción do grupo socialista que pretende aproveitar os traballos xa existentes pola liña de Mondariz. Indica que apoiará a moción do grupo socialista e agradece que se acepten as súas emendas de adición consistentes en instar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Mitma) a mellora e articulación inmediata da liña convencional de ferrocarril polo Miño entre Ourense e Vigo, dentro dun proceso de investimento para o mantemento regular e

mellora das liñas de ancho convencional que percorren a provincia para unha circulación segura e eficiente dos nosos trens, e instar igualmente ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Mitma) a priorizar os acordos das declaracións institucionais da Deputación de Ourense do mes de outubro “sobre a problemática do ferrocarril na provincia de Ourense” e a declaración institucional “en defensa do ferrocarril público e social” nas que se demanda a recuperación de frecuencias, persoal, melloras de infraestruturas e a promoción trens de proximidade, así como a recuperación de estacións para ofertar un servizo público, digno e de calidade aos cidadáns e articular o noso territorio. Indica por último que estas reivindicacións son lóxicas, e pídelles á bancada popular que tente chegar a un acordo para poder sacar adiante a moción nos termos en que a formula o grupos socialista.

- 1ª intervención César Fernández (grupo do PP): comeza xustificando a emenda de substitución do seu grupo, consistente en instar á Deputación Provincial de Ourense a manifestarse publicamente en defensa dunha nova liña ferroviaria de alta velocidade, que una de forma directa Ourense e Vigo, con tempos de viaxe competitivos e comparables aos da liña que une Ourense con Santiago de Compostela, e solicitarlle ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Mitma) o impulso da tramitación para a execución dunha nova liña ferroviaria de alta velocidade entre Ourense e Vigo. Indica que é obvio que se se realizase unha votación por puntos estarían en condicións de votar a favor do punto primeiro da moción do grupo socialista, sendo a modificación do punto segundo a que realmente quere introducir o grupo popular. Comeza indicando que a alternativa por Cerdedo estaba recollida xa nos Pactos do Obradoiro do ano 2009, e cando ADIF propuxo esta alternativa é porque valorou todos os trazados e alternativas posibles, con base en informes, estudos e documentación técnica. Entende que a modificación do trazado que propón o grupo socialista o que faría é retrasar a conexión aínda máis, e sinala que Ourense xa non está para perder máis tempo. O que pide a emenda de substitución do grupo popular é que traballemos do xeito máis rápido posible para ter unha conexión directa de AVE entre Vigo e Ourense, e esa é a esencia da moción de substitución. Sinala que aos cidadáns o que lles interesa é que se lles dea solución ao problema, e non lle importan as liortas entre o señor Rodríguez Villarino e Abel Caballero. Engade que o que habería que facer é reclamar esta liña no Parlamento do Estado, xa que os orzamentos xerais do Estado para o exercicio de 2022 tan só consignaron un importe de 200.000,00 € para a conexión de AVE entre Ourense e Vigo. Por último pídelles ao voceiro do

grupo socialista que rectifique a súa afirmación de que o grupo popular coas emendas de substitución o que pretende e tapar a súa falla de traballo, xa que resulta cómico que o afirme no pleno do mes de novembro, cando hai uns días os deputados e deputadas socialistas dimitiron da súa responsabilidade como representantes da cidadanía de Ourense non acudindo ao pleno sobre o estado da provincia e non presentaron ningunha proposta para o desenvolvemento desta provincia e marcharon a Madrid de vacacións.

- 2ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): comeza sinalando que o grupo socialista está un pouco farto das provocacións do grupo popular, pero que é para o que valen, só valen para provocar, e tamén pide que alguén a quen lle parece mal que lle chamen “persoa” e o considera un acto de machismo debe facelo mirar, porque falta de respecto é chamar “mala persoa”, deostar ou insultar, e que resulta chocante que as provocacións veñan do grupo popular onde os seus representantes e as súas familias viven disto, polo que xa está ben de utilizar unha administración pública para facer demagogia barata e seguir vivindo do erario público. Seguidamente diríxese ao voceiro popular para preguntarlle canto hai de investimento previsto para o estudo que vai por Cerdedo, cantos quilómetros son, cantos son os quilómetros das alternativas, cal é o custo destas, cantas anualidades fan falta, e cando se vai poñer en marcha todo isto e que demora implica o trazado por Mondariz. A continuación indica que moitos dos deputados e deputadas deberían ler a *Banalidad del mal* acuñada por Hannah Arendt, xa que banalizan algo tan serio como a violencia contra as mulleres, e pregunta se o que os deputados e deputadas do grupo popular queren é simplemente seguir as instrucións de quen manda ou se actúan como verdadeiros representantes públicos. Indica que pensaba que se podía chegar a un punto de acordo nesta moción, pero que isto resulta imposible porque o grupo popular non quere chegar a ningún acordo, e pídelle ao grupo popular que traballe, que sexa construtivo, que presente iniciativas e que governe, e que deixe de descualificar, de provocar, de plaxiar o traballo dos demais, de parasitar as institucións e de destruír.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): sinala que o grupo socialista é a vergonza desta provincia, e que o acaban de demostrar co que fixeron cando interviña o voceiro do grupo popular. Engade que Rodríguez Villarino é mala persoa, é mal político, e que os veciños de Ourense non merecen estar representados por el, e que *parásito* é aquel que cobra tres soldos como el, que cobra polo concello de Ourense, pola Deputación e pola Universidade, ou o deputado Gómez Pérez que cobra unha dedicación exclusiva por esta

Deputación e a pisa días contados, mentres que o vicepresidente do grupo popular acude e traballa todos os días. Engade que ser parásito é o que fixo o grupo socialista, que lle ofreceu a ela de todo, se asinaba a moción de censura contra o actual presidente.

- 2ª intervención José Miguel Caride (non adscrito): insiste en que esta cuestión é absolutamente esencial para o futuro de Ourense, e o que realmente lle interesa a Ourense é esa liña por Mondariz. A variante de Cerdedo é un treito de 53 quilómetros que comunica o eixo atlántico coa vía Ourense-Santiago, conectando por enriba de Pontevedra e en torno a Vilagarcía, todo isto para non deixar a Pontevedra fóra da ruta cara Ourense e Madrid. Engade que nesta liña hai pouco traballo avanzado, e que os seus creadores xa non a ven competitiva nin necesaria cando xa está o *bypass* de Conxo que son só 15 quilómetros máis. O que realmente Ourense precisa é estar conectada con Vigo en 20 minutos, e isto nunca se vai conseguir pola variante de Cerdedo, pero si pola variante de Mondariz, para estar plenamente conectados co sur de Galicia.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): comeza sinalando que o AVE xa funcionaba no estado español no ano 1992, e que a Galicia vai chegar con 30 anos de retraso con respecto a outras zonas de España. Entre as alternativas de unir Ourense e Vigo por Cerdedo ou Mondariz, entende que é mellor por Mondariz polas razóns xa indicadas, e que sería unha variante con máis viabilidade desde o punto de vista económico e nos achegaría máis a Vigo e a Portugal, cando o noso país veciño xa ten decidido que prefere unir Lisboa con Vigo que con Madrid. Polo demais, indica que o segundo punto da moción do grupo socialista, non é en absoluto desatinado e que non entende como existe discrepancia sobre esta iniciativa, e aproveita para solicitar aos grupos maioritarios que se queren presentar unha proposta ou iniciativa o fagan como tal, pero que non empreguen o mecanismo das emendas de substitución, xa que hoxe imos aprobar tres emendas do grupo popular que parten de tres iniciativas políticas dos grupos da oposición, o que entende que é unha mingua na calidade democrática da institución.

-2ª intervención César Fernández (grupo do PP): indica que resulta curioso que o grupo popular teña que interpretar case que como halagos que se nos digan lindezas como que somos parásitos, apesebrados e outra cantidade de impropiedades e sen embargo se fan os moi ofendidos cando algún fai algún comentario sobre eles sen caer en ningún insulto senón facendo simplemente unha apreciación. Indica que Hannah Arendt estivese presenciado este pleno estaría abraida coa forma de entender a política do voceiro socialista xa que era unha

gran defensora das éticas formais, do comportamento recto e da responsabilidade, e o voceiro socialista elude e dimite un día e outro da súa responsabilidade de representante público. Indica que a moción do grupo socialista está formulado tirar pola borda o traballo feito ao longo de anos para desenvolver unha liña directa de conexión AVE Ourense-Vigo, cando este mesmo ano o ADIF dixo claramente que a variante por Cerdedo é absolutamente viable, polo que non ten ningún senso prescindir do traballo feito e dilatar a chegada da AVE. Concorda co voceiro do BNG na importancia da conexión de AVE con Portugal, e que o goberno de Portugal e a Xunta van da man para reclamarlle ao goberno do Estado que deixase de potenciar a conexión Madrid-Lisboa e pensase en que Lisboa ten que estar conectada con Galicia, polo que lle pide ao grupo socialista que reivindicque en Madrid esta conexión de gran importancia para Galicia e para Ourense.

- quenda de peche Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Indica que a responsabilidade debe demostrarse falando de datos, como vai facer. Indica que a ruta polo río Miño son 132 quilómetros, *bypass* por Santiago 178 quilómetros e por Cerdedo 114 quilómetros, e a ruta por Mondariz 86 quilómetros. Engade que diferenza en millóns de euros entre as citadas alternativas é enorme, e que cando a *plataforma pola defensa do tren Vigo – Ourense por Mondariz* quixo explicar esta cuestión a todos os grupos políticos, o señor presidente desta Deputación non os recibiu. Remata indicando que agora grazas ao grupo provincial socialista xa se coñece fóra da provincia a forma de gobernar deste goberno popular, que reclama un reparto xusto de fondos cando os recibe doutras administracións, pero aplica o contrario cando os ten que distribuír entre as entidades locais da provincia. Engade que o grupo popular o único que pretende é botar abaixo unha proposta fundamentada, estudada e co único obxectivo de apropiarse e contaminar a iniciativa doutro grupo.

- quenda por alusións de Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): indica que vergonzosos son os cualificativos da deputada Montserrat Lama falando de cuestións que non están no debate e sendo o brazo armado dun discurso rancio, e pedir a retirada dunha moción sobre a violencia de xénero para xustificar o seu discurso é intolerable, e máis falar de violencia verbal por non nomeala con nome e apelidos, cando no ano 2019, ela mesma tras abandonar o grupo popular pedía mellores políticos para Ourense.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación as emendas e a moción, co seguinte resultado:

Emenda do Grupo Popular: é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1) e da deputada non adscrita e o voto en contra do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e do deputado non adscrito.

Emenda do BNG: é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e do deputado non adscrito, e o voto en contra do Grupo Popular (12), de DO (1) e da deputada non adscrita.

Moción do Grupo Socialista: é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e do deputado non adscrito, e o voto en contra do Grupo Popular (12), de DO (1) e da deputada non adscrita.

Como consecuencia da votación anterior o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Instar á Deputación Provincial de Ourense a manifestarse publicamente en defensa dunha nova liña ferroviaria de alta velocidade, que una de forma directa Ourense e Vigo, con tempos de viaxe competitivos e comparables aos da liña que une Ourense con Santiago de Compostela.
2. Solicitar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Mitma) o impulso da tramitación para a execución dunha nova liña ferroviaria de alta velocidade entre Ourense e Vigo.

11º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA CON MOTIVO DO 25 DE NOVIEMBRE, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER.

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentou unha emenda de substitución o Grupo Popular e unha emenda de adición o BNG. Cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Margarita Fernández (grupo do PS de G-PSOE): expón o contido da moción do grupo socialista, na que se indica que cada 25 de novembro, o PSdeG-PSOE

súmase á conmemoración do Día Internacional contra a Violencia contra as Mulleres. Compartimos a dor de tantas mulleres que sofren violencia, das súas fillas e fillos, nais, pais, familiares e amizades. A elas diriximos todo o noso apoio, a convicción de que loitamos pola máis xusta das causas e o noso compromiso de non deixar de avanzar ata erradicar a violencia machista. Sabemos que o camiño será longo, pero iso só fai máis urxente que apuremos o paso e que sigamos avanzando. Desde 2003 foron asasinadas no Estado 1.117 mulleres e 44 nenas e nenos. Desde 2019 interpuxéronse 1.743.680 denuncias por violencia de xénero e 452.095 ordes de protección. Ademais, 652.795 mulleres recibiron apoio dos Corpos e Forzas de Seguridade a través do Sistema de Seguimento Integral nos casos de Violencia de Xénero VIOGEN. Segundo a macroenquisa de violencia contra a muller, o 34,2% das mulleres sufriron violencia por parte das súas parellas ou ex-parellas e o 47,2% nin denunciou nin empregou servizos públicos de axuda e, en moita maior medida, no caso de mulleres novas. En Galicia, cada día se incoan nos xulgados 17 novos procedementos penais por violencia contra a muller. Estes xulgados recibiron no segundo trimestre deste ano 1.649 denuncias por violencia machista, un 10,4 % máis que no mesmo período do ano pasado. Tamén con respecto a 2020 existiu un incremento do 9,6% no número de mulleres que son recoñecidas como vítimas, sendo a 30 de xuño de 2021 un total de 1.636. O primeiro Informe sobre a Violencia contra a Muller 2015-2019 apunta ademais que cerca da metade das infraccións penais cometidas contra mulleres en Galicia responden a violencia psíquica, a máis invisible das violencias machistas. Non podemos resignarnos a que se asuma como normalidade a traxedia dolorosamente cotiá da violencia machista porque non é un destino escrito en pedra senón o resultado, tal e como sinala Nacións Unidas, “dunhas relacións de poder desiguais entre mulleres e homes que persiste como unha crise silenciosa”. Como cada 25 de novembro, as e os socialistas alzamos a voz contra ese silencio. Sumamos a nosa palabra á de millóns de mulleres e homes que en todo o planeta din basta e reafirmamos ese compromiso tamén con feitos. Desde o Partido Socialista impulsamos o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, a Lei Orgánica 1/2004 de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, que supuxo o recoñecemento de que existe un tipo específico de violencia: a que se exerce contra as mulleres polo feito de ser mulleres e supuxo un cambio completo de perspectiva amplamente demandada polo movemento feminista. Co Real Decreto-Lei de Medidas Urxentes para o

Desenvolvemento do Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero abordáronse os cambios legislativos para ampliar a protección das vítimas e as súas fillas e fillos, e durante a crise da COVID-19 puxéronse a disposición das administracións fondos contra esta violencia. Tamén a igualdade é un dos catro eixos fundamentais do ‘Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia’ que lidera o Goberno de España e a loita contra a violencia machista terá un papel prioritario neste proceso. O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero cumprirá a súa vixencia o próximo ano e consideramos que é momento de coñecer o seu impacto. Hai que avaliar, renovar e actualizar o compromiso contra a violencia machista, volvendo sumar o maior consenso posible para que a violencia de xénero siga a ser unha cuestión de estado, que atinxe a todos os partidos. É momento de mellorar a coordinación das administracións na loita contra a violencia de xénero, así como de dotar esta tarefa co financiamento axeitado a través das comunidades autónomas e concellos, pero tamén a través das organizacións feministas da sociedade civil. En cumprimento co Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, o PSOE considera que os diferentes tipos de violencia que sofren as mulleres, requiren de leis específicas e integrais para adecuar a necesidade de intervención e de protección. É urxente a aprobación da Lei Orgánica de Garantía da Liberdade Sexual –coñecida como Lei do Só Si é Si– para que o consentimento da muller sexa o aspecto fundamental sobre o que se configuran os delitos contra a liberdade sexual. Consideramos que se debe avanzar cara a un novo marco legislativo orientado á abolición da prostitución. A trata con fins de explotación sexual non pode desligarse da prostitución, a forma máis terrible de violencia contra as mulleres. Son dúas caras dunha mesma realidade, xa que a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual existe porque hai demanda de mulleres e nenas para a prostitución. O Partido Socialista desexa unha sociedade onde as mulleres e as nenas non sexan prostituídas, nas que os corpos de mulleres e nenas non sexan obxectos de consumo. O noso modelo de sociedade é un no que homes e mulleres son iguais e libres e esa idea é incompatible coa prostitución e la trata de seres humanos. Non podemos esquecer que a prostitución non é un problema das mulleres, senón de calidade democrática. Garantir a liberdade, a seguridade e a vida das mulleres e protexer as vítimas non é unha opción, é unha obriga. A violencia machista interpélanos e as administracións locais debemos combatela con todos os medios ao noso alcance. No ámbito das nosas competencias, desenvolvemos un papel fundamental na prevención, así como na

información, asesoramento, protección e acompañamento ás mulleres vítimas e aos seus fillos e fillas. Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte proposta de acordo:

1. Ratificar o compromiso da Deputación Provincial de Ourense cos dereitos das mulleres; coa a erradicación de calquera tipo de violencia machista; e para combater e condenar calquera discurso negacionista e posicionamento político que negue a violencia de xénero ou rexeite as políticas públicas enfocadas á súa total erradicación. 2. Instar á Deputación Provincial de Ourense a impulsar medidas contidas na Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, no marco das súas competencias. 3. Instar á Deputación Provincial de Ourense a impulsar, no marco das súas competencias, que as políticas públicas en materia de servizos sociais, promoción da sanidade e igualdade teñan tamén como obxectivo a abolición da prostitución. 4. Instar á Deputación Provincial de Ourense a colaborar coas asociacións da sociedade civil que loitan contra a violencia machista e traballan pola igualdade de homes e mulleres. 5. Instar ao Goberno de España á actualización e renovación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero nas Cortes Xerais, para buscar o maior consenso político e social e á mellora da coordinación institucional co fin de garantir que os fondos do pacto se implementen da maneira máis óptima. 6. Instar ao Goberno de España a impulsar un marco normativo orientado á abolición da prostitución.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): intervén para sinalar que ela pediu que se retirase a moción que estamos a debater porque ven asinada por un machista, non porque ela non estea en contra da violencia de xénero, e lembrándolle á Elvira Lama que utilice a súa saída do Partido Popular para defender ao seu voceiro cando ela sufriu un expediente disciplinario na súa anterior formación política por apoiala a ela como alcaldesa do concello de Xinzo de Limia. Sinala que a moción se refire a unha lacra que estamos a vivir a nivel nacional, que non debe ser politizada, e por isto entende que o pleno debe adherirse como fai a emenda do PP, á declaración en forma de Declaración Institucional da Femp con motivo do Día Internacional da Eliminación da violencia contra a muller. Remata indicando que neste tema deben estar todos os partidos xuntos e unidos, independentemente da súa ideoloxía, para facerlle fronte a esta lacra social.

- 1ª intervención José Miguel Caride (non adscrito): sinala que non somos plenamente conscientes de que aí fora hai xente con nomes e apelidos, e que todas as decisións que se

adopten nas institucións democráticas afectan á xente. Seguidamente dá lectura a diferentes nomes e apelidos de mulleres ourensáns vítimas da violencia de xénero, ás que hai que engadir a todas as mulleres que a están a sufrir actualmente, ás que non se atreven a denunciar, ou ás que sofren violencia de xénero psíquica ou económica, pero non física. Engade que estamos ante un tema moi serio e que calquera proposta neste eido é benvida, se ben todo debe partir da educación e da formación. Polo tanto sinala que debemos adoptar todas as medidas que se poidan nesta materia, polo que debe demandarse un xulgado exclusivo de violencia de xénero na cidade, e debemos facer un esforzo por reducir a violencia verbal que existe na clase política na actualidade.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): comeza sinalando que esta moción non debería dar para máis alá que mellorar ou engadir a esta proposta, pero non modificala ou substituíla. Invita seguidamente á corporación, en particular ao partido popular, a adherirse á declaración da Fegamp, á que pasa a dar lectura: Instamos ás demais Administracións, institucións, entidades públicas e privadas, axentes sociais e á cidadanía en xeral, a sumarse a esta declaración de denuncia e compromiso para erradicar calquera tipo de violencia contra as mulleres. Sinalamos a necesidade dunha abordaxe global e profunda, con liñas de acción sobre todas as formas do maltrato, incidindo non só na asistencia senón axudando a dar visibilidade a todo tipo de situacións e adoptando medidas de prevención que eviten o sufrimento. Reivindicamos a importancia do municipalismo nesa inescusable transformación que debe pór fin ao maltrato ás mulleres e a acorde participación na toma de decisións que precise dito proceso. Requirimos recursos económicos e humanos para a implementación de proxectos de axuda e empoderamento das mulleres. Demandamos a mellora e prioridade das políticas e leis a favor do desenvolvemento das mulleres, garantindo a súa aplicación en calquera espazo e circunstancia a prol de protexer os seus dereitos. Subliñamos o valor das mulleres no desenvolvemento social, económico, intelectual e humano e, por tanto, a necesidade de asegurar a súa participación plena e efectiva en todos os niveis de liderado e decisorios da vida política, económica e social, tanto pública como privada. Seguidamente sinala que a emenda do BNG o que propón é mellorar e enriquecer mediante unha crítica construtiva a moción orixinal do grupo socialista co seguinte texto: Instar ao Goberno do Estado á actualización do Pacto do Estado contra a Violencia de Xénero nas Cortes Xerais, para buscar o maior consenso político e social e á mellora da coordinación institucional co fin de garantir que os fondos do pacto se implementen da maneira máis

ótima e implementar unha maior dotación económica para efectivizar as medidas establecidas. Demandar do Goberno do Estado a creación dun xulgado específico de violencia de xénero en Ourense. Tal como foi asinado nos acordos de investidura. Demandar da Xunta de Galiza o incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2022 de forma que se sitúen, como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, como por exemplo no ámbito da atención psicolóxica garantida desde a atención primaria. E o reforzo e ampliación dos Centros de Información ás Mulleres. Engade que non ve problema tampouco no texto que presenta o partido popular, se ben hai algún parágrafo que sorprende, como o que se refire a *promover accións globais consensuadas*, indicando que para iso primeiro deberían dar exemplo e negociar e consensuar esta emenda co grupo propoñente e non formular unha emenda de substitución. Remata indicando que ao BNG lle gustaría que saíse unha imaxe de consenso e de unidade e que se as súas propostas son ben recibidas sexan incluídas no acordo final, instando a todos os grupos a sacar unha moción consensuada neste punto.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): indica que debemos quedarnos coas últimas verbas do voceiro do BNG respecto á unidade e consenso neste tema, e lembra que cando el era novo se discutía por exemplo cuestións como se se debía dicir que a violación pode existir dentro do matrimonio, e el así o defendía, e por isto chamáronlle de todo. Indica que isto é un exemplo do que se ten avanzado neste eido, se ben queda moitísimo aínda por avanzar, xa que aínda existe violencia física, e lembrando as palabras de Ortega e Gasset que dixo aquilo de que “as verdadeiras revolucións non se fan contra os abusos, senón contra os usos”, polo que debe loitarse contra o machismo que existe nos costumes, na cultura e nos usos do día a día. Remata indicando que a clase política debe sumar nesta loita, nunha loita á que se destinan inxentes cantidades de diñeiro, pero que o problema segue a estar aí, polo que ao mellor temos que empezar a pensar nos resultados das manifestacións e das campañas, e pensar en prácticas que leven a un resultado real como por exemplo a loita contra a prostitución, polo que debemos empezar a ser máis serios, deixar de capitalizar estas reivindicacións e demostralo con feitos e con valentía real.

- 1ª intervención Luz Doporto (grupo do PP): comeza a súa intervención indicando que o ton deste pleno está a ser bastante bronco, polo que pide que se trate de consensuar neste asunto, que non se debe politizar e non debe ter cores políticas. Engade que lle gustaría que este pleno remate con acercamento nun asunto no que todos estamos de acordo e deixemos a confrontación neste punto, que non achega nada. Sinala que a emenda do seu grupo non pretende substituír ou destruír a moción do grupo socialista, senón desde o consenso, adherirse a esta declaración da Femp da que pasa a dar lectura e que pide: Sumarnos á Declaración Institucional da Femp con motivo do Día Internacional da Eliminación da violencia contra a muller, ratificada nos seguintes puntos: - Convidamos a todas as Entidades Locais a adherirse á Declaración Institucional da Femp e sumámonos a todas as voces que claman por un futuro en igualdade. - Recoñecemos a gravidade da violencia machista como un problema político de primeira orde, de saúde pública e como un grave atentado aos Dereitos Humanos fundamentais. - Asumimos a responsabilidade no proceso de intervención con vítimas de violencia machista e defendemos o principio de reparación en todas as súas fases. - Alertamos sobre o aumento dos asasinatos machistas e manifestamos a nosa preocupación ante a violencia vicaria e ante o desamparo que sofren os orfos e orfas. - Lembramos que é necesario garantir que a igualdade de xénero e os dereitos das mulleres como elemento crave para garantir a recuperación social e económica de todas as persoas a nivel global. - Defendemos a necesidade de promover accións globais consensuadas que garantan a continuidade das políticas dirixidas á eliminación das normas sociais discriminatorias e o reforzo dos programas de prevención e loita contra a violencia de xénero. - Demandamos a implementación de proxectos e programas locais que garantan a igualdade de xénero no emprego e o apoio ao espírito empresarial das mulleres, como medidas para preservar a súa independencia económica e previr a violencia de xénero. - Manifestamos novamente a nosa preocupación polas altas taxas de emprego temporal das mulleres que, unido á destrución e a caída do emprego advirten dun perigoso aumento da brecha de xénero. - Ratificamos o noso compromiso co Pacto de Estado contra a violencia de xénero e lembramos a necesidade de continuar avanzando no seu desenvolvemento. Seguidamente indica que como muller, como deputada e como membro deste goberno, pide que se chegue a un acordo neste asunto e se adopte un acordo unánime.

- 2ª intervención Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): nesta segunda quenda sinala que esta moción pretende conmemorar a data do 25-N, data que representa un drama terrible e

pensa que todos os que estamos aquí estamos comprometidos con este tema. Por iso sinala que as persoas que temos responsabilidade política debemos seguir planificando políticas e accións reais para loitar contra esta lacra, planificando accións concretas, que deben pasar pola educación en igualdade, na resolución de conflitos de forma pacífica, eliminando estereotipos. Estamos ante a obriga de traballar unidos e por iso nos imos aceptar a emenda de adición do BNG, xa que entendemos que suma á nosa moción, e pídelles ao partido popular que reflexione sobre a súa emenda de substitución que o que fai é precisamente o contrario, restar e substituír á moción orixinal do grupo socialista, e lles pide que convertan nunha emenda de adición para que todo poida saír mediante un acordo unánime. Seguidamente pregúntalle á voceira do grupo popular cales son as partes da moción do grupo socialista que non comparten, para ter que formular esta emenda de substitución, e non apoiar a proposta orixinal.

- 2ª intervención José Miguel Caride (non adscrito): comeza sinalando que a cuestión debера ser non ter que reivindicar nada disto. Engade que queda aínda moito traballo por facer e que isto non só se resolve con pactos e con normativa, senón con formación e educación, sobre todos cos nenos e nenas, e coa xuventude. Sinala que a política tamén debe dar exemplo e ter debates tranquilos e sen enfrontamentos.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): sinala que certamente o machismo está na sociedade, e que vai ser moi difícil de erradicar. En todo caso, e tendo en conta as eivas que existen, as políticas do noso país na loita contra a violencia machista son das máis avanzadas do mundo. Engade que a loita debe dirixirse tamén á educación e para evitar comportamentos machistas na sociedade en xeral. Sinala que fai súa a proposta da voceira socialista de obter un acordo unánime, xa que el non pensa votar en contra en ningunha das propostas, se ben lle gustaría sacar un acordo unánime que recolla todas as sensibilidades de todos os grupos aquí presentes, e para o ano próximo pide que se teña máis antelación e se traia un texto xa consensuado da xunta de voceiros.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo do DO): intervén para indicar que parece que as posturas están claras, e incidir na necesidade de adoptar solucións prácticas e non intentar capitalizar politicamente a cuestión. Sinala que se trata de convencer aos non convencidos, e non aos convencidos, que parece que é ao que dirixen as campañas actuais, e pide que se incida na educación, pero non só na escola e na familia, senón noutros ámbitos dos que

obteñen a maioría dos estímulos, como as novas tecnoloxías, internet, publicidade, polo que temos que empezar a pensar e actuar nesa globalidade de estímulos que reciben.

- 2ª intervención Luz Doporto (grupo do PP): comeza sinalando que tentar chegar a un consenso con alguén que non quere é moi difícil, e que a voceira socialista demostrou que non quere consenso con expresións como pedir que reflexionen aos outros grupos, e tentando desvirtuar as palabras que eles din. Engade que a Deputación de Ourense non só está de acordo con todos os puntos da moción, senón que todos os está levando a cabo e os está cumprindo. Estaría ben recoñecer que esta Deputación é a primeira que visibiliza esta cuestión coa recente inauguración do Parque da Igualdade, cos nomes de todas as vítimas, e a xeito de homenaxe e reivindicación. Sinala que rexeitar a proposta de declaración institucional da FEMP é un pouco estraño, e que só se explica se se quere capitalizar a loita contra a violencia de xénero, e amosar que a esquerda é a única que quere loitar contra esta lacra. Remata indicando que a súa proposta é a que é e que así a van manter.

- quenda de peche Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): sinala que é unha mágoa que non sumemos, e que o grupo socialista non rexeita ningunha proposta senón que só pretende sumarse e unir todas as reivindicacións. Engade que o grupo socialista é o que non vai rexeitar ningunha proposta, como si o vai a facer o grupo popular. Ademais a proposta do grupo popular non aborda o tema da prostitución como si fai a moción socialista, que é mais ampla. Remata indicando que todos debemos estar unidos ante un tema de tanta importancia.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación as emendas e a moción, co seguinte resultado:

Emenda do Grupo Popular: é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1) e da deputada non adscrita, o voto en contra do Grupo Socialista (9), e a abstención do BNG (1) e do deputado non adscrito.

Emenda do BNG: é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e do deputado non adscrito, e o voto en contra do Grupo Popular (12), de DO (1) e da deputada non adscrita.

Moción do Grupo Socialista: é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e do deputado non adscrito, e o voto en contra do Grupo Popular (12), de DO (1) e da deputada non adscrita.

Como consecuencia da votación anterior o Pleno adopta o seguinte acordo:

Sumarnos á Declaración Institucional da Femp con motivo do Día Internacional da Eliminación da violencia contra a muller, ratificada nos seguintes puntos:

- Convidamos a todas as Entidades Locais a adherirse á Declaración Institucional da Femp e sumámonos a todas as voces que claman por un futuro en igualdade.
- Recoñecemos a gravidade da violencia machista como un problema político de primeira orde, de saúde pública e como un grave atentado aos Dereitos Humanos fundamentais.
- Asumimos a responsabilidade no proceso de intervención con vítimas de violencia machista e defendemos o principio de reparación en todas as súas fases.
- Alertamos sobre o aumento dos asasinatos machistas e manifestamos a nosa preocupación ante a violencia vicaria e ante o desamparo que sofren os orfos e orfas.
- Lembramos que é necesario garantir que a igualdade de xénero e os dereitos das mulleres como elemento clave para garantir a recuperación social e económica de todas as persoas a nivel global.
- Defendemos a necesidade de promover accións globais consensuadas que garantan a continuidade das políticas dirixidas á eliminación das normas sociais discriminatorias e o reforzo dos programas de prevención e loita contra a violencia de xénero.
- Demandamos a implementación de proxectos e programas locais que garantan a igualdade de xénero no emprego e o apoio ao espírito empresarial das mulleres, como medidas para preservar a súa independencia económica e previr a violencia de xénero.
- Manifestamos novamente a nosa preocupación polas altas taxas de emprego temporal das mulleres que, unido á destrución e a caída do emprego advirten dun perigoso aumento da brecha de xénero.

- Ratificamos o noso compromiso co Pacto de Estado contra a violencia de xénero e lembramos a necesidade de continuar avanzando no seu desenvolvemento.

12º.- MOCIÓN DO BNG DA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA NA DEFENSA DA ATENCIÓN PRIMARIA

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentou unha emenda o Grupo Popular e cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): procede a dar lectura á súa moción, na que se indica que antes da pandemia da Covid-19, a Atención Primaria atravesaba unha profunda crise estrutural, con demoras e masificación da asistencia, como consecuencia dos recortes nos orzamentos aplicados polos sucesivos gobernos do Partido Popular. Na actualidade, os orzamentos na Atención Primaria apenas supoñen o 12 % do orzamento sanitario total, polo que é evidente e urxente incrementalo. A crise da Pandemia por Covid-19 e a súa patoloxía, significou a paralización da actividade Asistencial tanto da Atención primaria como da Hospitalaria, por medo a que colapsara os hospitais, o que determinou non só postergar a actividade asistencial preferente e crónica, senón tamén a actividade cirúrxica non urxente, co incremento das demoras, tanto en consultas como en probas complementarias, así como as listas de espera cirúrxicas. Estímase que en Galicia paralizáronse ao redor de 3.000 das intervencións cirúrxicas, 600.000 consultas e 20.000 probas diagnósticas. Ó mesmo tempo a administración, pechou os centros de saúde e limitouse o acceso aos mesmos, substituindo a consulta presencial pola telefónica e reduciuse o aforo das salas de espera obrigando aos pacientes a facer cola fóra dos centros para recibir atención. Estas actividades hai que reabrilas inmediatamente, (non semella de recibo que os locais de hostalería, pubs, e demais espazos de ocio permanezan abertos sen limitación de aforo, namentres os espazos de atención médica están a medio gas), para evitar o deterioro do propio sistema e empeorar os datos de saúde da poboación. Durante o estado da alarma sanitaria a Atención Primaria demostrou a importancia de dispoñer dun nivel asistencial universal, gratuíto e de proximidade coa poboación. Nos meses máis duros do confinamento a Atención Primaria identificou contaxios e contactos, realizou o seguimento das persoas infectadas nos seus domicilios, atendeu e resolveu o resto das

patoloxías e as dúbidas e temores da cidadanía. Durante eses meses, os traballadores e as traballadoras da Sanidade Pública recibiron o recoñecemento e a gratitude da cidadanía a súa labor desenvolvida en durísimas condicións. Este recoñecemento abría a esperanza de que tras o estado da alarma sanitaria, o SERGAS impulsase medidas e reformas para mellorar e fortalecer esta primeira liña asistencial, tal como manifestan as sociedades científicas, axentes sociais e sindicais. Lamentablemente, a realidade é ben distinta e a veciñanza desta Provincia atópase a mesma precariedade anterior, engadida a unha atención baseada en primar consultas telefónicas sobre as presenciais e con restricións de acceso ó Centro de Saúde. A implantación das consultas telefónicas de maneira xeneralizada non é comprendida pola cidadanía e orixina nela sentimentos de afastamento e desprotección do sistema Sanitario Público. O restrinxir o acceso ó Centro de Saúde, formando largas colas diante do centro só co argumento de “evitar contaxios no Centro de Saúde” é un temor infundado, para non deixar ver o principal problema: falta de recursos e medios, tanto profesionais sanitarios coma non sanitarios para dar cobertura a poboación. Ante esta situación, A plataforma SOS Sanidade Pública, reclama que se implante de forma inmediata no Centro de Saúde un protocolo anticovid-19 que estableza circuitos seguros de mobilidade no seu interior, salas de espera adaptadas para cumprir coas actuais normas sanitarias, onde tanto profesionais como usuarios sintámonos seguros. Ampliar o cadro de profesionais e as quendas de atención para rematar coas inaceptables listas de espera. En conclusión A Plataforma SOS Sanidade Pública, non imos deixar que a Covid-19 sirva de escudo á Xunta de Galicia onde resgardarse para non facer fronte ós problemas estruturais que padece a Atención Primaria dende hai moito tempo: precariedade laboral, falta de inversión e o recoñecemento do seu papel vertebrador dentro do sistema sanitario. Por todo o exposto, á Corporación Provincial da Deputación de Ourense propóñense os seguintes (neste punto procede a explicar a razón pola que retira os tres primeiros puntos da moción orixinal, xa que entende que aínda que con importantes eivas, xa existe atención presencial e existen circuitos seguros de mobilidade): 1. Dirixirse e instar á Consellería de Sanidade, a contratar e acabar coa precariedade laboral do persoal, aplicando un “Plan de Mellora da Atención Primaria” que redimensione os equipos multidisciplinares para dar cobertura as necesidades de saúde da poboación. 2. Dirixirse e instar á Consellería de Sanidade, a Incrementar de maneira urxente o presuposto sanitario, destinado a Atención Primaria, o obxectivo sería alcanzar o 25% do presuposto,

estes presupostos deben ser finalistas para que non terminen en outras partidas. 3. Dirixirse e instar á Consellería de Sanidade, a desenvolver os instrumentos de participación cidadán na sanidade, tan necesarios, para que a cidadanía exprese a súas necesidades e poder actuar con eficiencia sobre os factores determinantes da saúde. Respecto da emenda do grupo popular, sinala que esta non debería ser de substitución e que este tipo de emendas lle parece que coartan as iniciativas políticas dos restantes grupos, e sobre o seu contido, sinala estar maiormente de acordo se ben esta pode completarse, e podería mellorar e aclarar a súa redacción.

- 1ª intervención José Miguel Caride (non adscrito): comeza indicando que se leva unha sorpresa moi grata cos termos do debate, tanto polo contido da moción como da emenda, como das propostas que ambas iniciativas conteñen. Sinala que basicamente existen problemas na sanidade galega, como son por exemplo o referido ao número de camas hospitalarias e que non se cumpre a recomendación da OMS de 8 camas por mil habitantes, xa que en Galicia non chegamos a 4 camas por habitante, ou o referido aos retrasos nos tratamentos a pacientes oncolóxicos.

- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): comeza facendo unha pequena reflexión, sobre o truco que fan algúns de mesturar todo, de tal forma que o que produce a liorta, trata de saír indemne. Sinala que o grupo socialista cada vez que trae unha iniciativa política, é insultado, ou é emendado a través de emendas de substitución. Engade que o grupo socialista o único que fixo foi unha iniciativa política que eles consideraron relevante, e aproveitando a súa ausencia se lles insulta e se lles agravia. Expresións como as empregadas polo voceiro do partido popular, dicindo que os deputados e deputadas socialistas “foron de vacacións” son intolerables, cando o único que fan é o seu traballo mentres outros seguen a parasitar nesta institución. Sobre o contido da moción e da emenda, en defensa da atención primaria na sanidade pública galega, indica que sorprende as continuas alusións da emenda popular ao goberno central, cando as competencias autonómicas son exclusivas nesta materia. Engade que escoitando a intervención do grupo popular nas comisións informativas, parecería que a sanidade galega funciona perfectamente, cando as comarcas de Valdeorras ou do Ribeiro, por exemplo, teñen importantísimas carencias, e o sistema galego de saúde está a sufrir importantes eivas e recortes do goberno galego. Por último e como mostra da situación actual lembra a recente manifestación en defensa da sanidade pública na comarca de Valdeorras onde incluso acudiron alcaldes e alcaldesas do partido popular desa comarca, e

que ata hai pouco ocupaban escanos neste plenario, o que amosa a gravidade da situación actual.

- 1ª intervención Rosendo Fernández (grupo do PP): comeza sinalando que ao ver a moción o primeiro que pensou é que os grupos da oposición están nunha competición para ver quen ataca antes, xa que no pleno do día 24 de setembro deste ano, se tratou unha iniciativa do grupo socialista, sobre a atención primaria. Engade que o núcleo argumental de ambas iniciativas da oposición son os supostos recortes na atención primaria da sanidade galega. Sinala que a súa emenda non é máis que o mesmo acordo adoptado nese pleno, é dicir, a moción do grupo socialista coa emenda de adición do grupo popular. Por último procede a dar lectura e a motivar os once puntos que compoñen esta emenda do grupo popular: 1º.- Instar á Xunta de Galicia a iniciar, antes de finais de 2021, unha reformulación real da atención primaria, coa incorporación progresiva dun maior número de profesionais de especialidades, a maiores do eixo médico/a-enfermeiro/a, incluíndo a posibilidade de incorporar máis especialidades. 2º.- Instar á Xunta de Galicia para a mellora das condicións de eventualidade para o conxunto de profesionais do Sergas que son contratados de maneira discontinua, procurando estabilizar ao maior número posible e mellorando a oferta de contratos eventuais, dotándoos de maior estabilidade. 3º.- Instar á Xunta de Galicia a implementar unha xerencia de atención primaria en cada EOXI, dotándoa de recursos e autonomía de xestión e funcionamento. 4º.- Instar á Xunta de Galicia á coordinación de servizos, fomentando a ampliación de funcións e capacitacións dos profesionais, de maneira simultánea á incorporación de novas categorías que permitan especializar máis e profundar no que poden. 5º.- Instar á Xunta de Galicia a promover a conexión entre os servizos de saúde mental e a atención primaria, coa distribución de zonas de referencia para cada equipo de saúde mental, posibilitando a existencia de primeiras consultas dun profesional deste equipo nos propios centros de saúde, a petición directa dos equipos de atención primaria coa maior rapidez e medios posibles. 6º.- Instar á Xunta de Galicia para ampliar a posibilidade de solicitude de probas diagnósticas por parte dos facultativos/as de atención primaria. 7º.- Solicitalle ao Goberno de España unha habilitación, de forma extraordinaria, dos centros de saúde necesarios para que teñan a consideración de centros acreditativos para a formación, así como aos profesionais especialistas en medicina familiar e comunitaria precisos para que poidan actuar como tutores na formación de residentes. 8º.- Solicitalle ao Goberno de España unha convocatoria extraordinaria de prazas MIR que permita incorporar máis profesionais ao noso

sistema sanitario e resolver o déficit de médicos en primaria e á Xunta de Galicia que cubra a totalidade desas prazas acreditadas e financie o 100% destas prazas con cargo aos orzamentos.

9º.- Esixirlle ao Goberno de España que, máis aló destas medidas extraordinarias, cumpra os acordos do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde de abril do ano 2018 relativos ás reformas estruturais precisas para flexibilizar e axilizar o procedemento de acreditación de unidades docentes e os seus requisitos, permitindo a formación anual de máis profesionais especialistas. 10º.- Esixirlle ao Goberno de España que cumpra os acordos do Pleno do Congreso dos Deputados e do Parlamento de Galicia sobre a necesaria eliminación das limitacións impostas para as taxas de reposición de efectivos nos sistemas sanitarios públicos autonómicos. 11º.- Darlles traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia, ao Congreso dos Deputados e ao Parlamento de Galicia.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): nesta quenda comeza indicando que o voceiro popular viña coa súa intervención ben preparada e dáballe igual o que el dixera de partida da súa intervención. Sinala como exemplo da xestión da Xunta, que a zona de petición de citas do CHUOU está abarrotada nestes días, o que non é nada axeitado na situación actual. Sobre a referencia ao Plan de mellora da atención primaria sinala que precisamente a súa moción pide que se aplique, non que se faga un novo, pero que de nada serve a súa aprobación, senón se aplica na práctica, como está a acontecer. Engade que efectivamente temos un problema co número de MIR da sanidade pública, e non se lle pon solución, nin se lle puxo en ningún dos gobernos centrais dos derradeiros anos dos partidos popular e socialista. Ademais existe un problema engadido que é falta de estabilidade laboral no persoal sanitario que fai que a maioría opte por destinos diferentes á atención primaria. Insiste en que el acolle todas as propostas da emenda popular, incluso as mellora, e volve insistir en si realmente merece a pena que se presenten iniciativas polos grupos da oposición, cando o grupo popular só se dedica a presentar emendas de substitución ás iniciativas políticas dos grupos minoritarios.

- 2ª intervención José Miguel Caride (non adscrito): para simplificar as cousas fai referencia ás verbas do presidente da Xunta onde indicou que tiña dificultades para conseguir profesionais de medicina de familia e pediatras, e que este problema debe ser abordado polos nosos gobernantes. Neste senso pensa que se debora reconducir este problema aos orzamentos da Xunta, e resulta que para o exercicio de 2022 se reduce a partida neste tema. Estamos ante datos obxectivos e sobre o que debe debaterse para tratar de darlle solución, se é posible.

- 2ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): nesta quenda volve incidir en criticar a postura do grupo popular de emendar, mediante substitución dos acordos, todas as iniciativas dos outros grupos, particularmente do grupo socialista, pondo como exemplo contrario o feito de que o grupo socialista neste pleno non vai votar en contra de ningunha iniciativa do grupo de goberno, e insiste en que o grupo popular, ao igual que os restantes, pode presentar iniciativas políticas en todos os plenos, pero non o fai e aprópiase do traballo dos restantes grupos para sacar adiante as súas emendas de substitución. Engade que a proposta do BNG traslada unha petición dunha plataforma cidadá, e o grupo popular parece que non lle importa nin sequera iso. Unha mostra de que a sanidade neste país e nesta provincia non vai ben, son o apoio ás reivindicacións desta plataforma na comarca de Valdeorras, que fixeron os alcaldes e alcaldesas da Veiga ou Larouco, e que son do Partido Popular. O partido socialista sempre que existiron reivindicacións da sociedade civil en prol da sanidade pública, sempre as apoiou, independentemente do partido que governe en cada momento, cousa que non fai o Partido Popular. Remata indicando que non é ningún problema poñer no debate a situación actual da sanidade galega, pero o que si o é é tentar darlle a volta atacando aos grupos da oposición, como fai o grupo provincial popular.

- 2ª intervención Rosendo Fernández (grupo do PP): comeza indicando que el mesmo recoñeceu que existen eivas na sanidade galega, pero que son as mesmas que hai sesenta días cando se aprobou a anterior moción socialista sobre a atención primaria. Por esta razón non entenden a razón ou a causa de traer esta iniciativa política agora, cando xa foi tratada uns días antes. Seguidamente dá lectura á acta do pleno do 24 de setembro, concretamente á quenda de peche de Margarita Pérez do grupo socialista, onde indica que sobre a emenda de adición do grupo popular indica que votarán a favor dela, xa que a finalidade é lograr ese fortalecemento e mellora da atención primaria, e que son os mesmos onde puntos que se recollen na emenda de hoxe do grupo popular. En canto á falta de profesionais insiste en que o SERGAS está convocando anualmente ofertas públicas de emprego que esgotan as taxas de reposición, polo que a única saída e pedirlle ao goberno central que elimine esas taxas de reposición de efectivos, como unha posible solución ao problema. Insiste en que a emenda é de unión, xa que recolle o aprobado unanimemente por todos os grupos desta corporación hai tan só sesenta días. Respecto á afirmación de Miguel Caride de que baixaron os orzamentos da Xunta para 2022 indícalle que non os interpretou ben, xa que os orzamentos destinados á atención primaria aumentan, non diminúen. Por último relata algunha das melloras que o

SERGAS vai poñer en funcionamento para mellorar a atención primaria na sanidade pública galega.

- quenda de peche Bernardo Varela (grupo do BNG): sinala que a existencia de eivas é algo evidente e que todos coñecemos, tanto profesionais como pacientes. Como exemplo destes días pon o aumento do número de casos de Covid-19 que xurdiron no concello de Allariz, e como desde o propio colexio, a ANPA e o concello, se trasladou a necesidade facer un cribado no colexio que parecía ser a orixe do brote, pero quedou acreditado que hoxe a área sanitaria non é capaz de facer máis de 1000 PCR ao día, xa que se desmantelaron os equipos de auto-covid que existían, o que repercute nunha saturación na atención primaria. Remata indicando que lamenta que non se teña a man tendida polo grupo popular para aprobar esta reivindicación da plataforma SOS Sanidade Pública, lamentando que non lles guste e non aproben algunha das afirmacións da referida moción do BNG que recolle as reivindicacións da plataforma.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a emenda e a moción (coa supresión dos tres primeiros puntos, tal e como se acordou no transcurso do debate), co seguinte resultado:

Emenda do Grupo Popular: é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (12) e de DO (1), o voto en contra do Grupo Socialista (8), e a abstención do BNG (1) e do deputado non adscrito.

Moción do BNG (coa supresión dos tres primeiros puntos): é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), do BNG (1) e do deputado non adscrito, e o voto en contra do Grupo Popular (12) e de DO (1).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a iniciar, antes de finais de 2021, unha reformulación real da atención primaria, coa incorporación progresiva dun maior número de profesionais de especialidades, a maiores do eixo médico/a-enfermeiro/a, incluíndo a posibilidade de incorporar máis especialidades.

2º.- Instar á Xunta de Galicia para a mellora das condicións de eventualidade para o conxunto de profesionais do Sergas que son contratados de maneira discontinua, procurando estabilizar ao maior número posible e mellorando a oferta de contratos eventuais, dotándoos de maior estabilidade.

3º.- Instar á Xunta de Galicia a implementar unha xerencia de atención primaria en cada EOXI, dotándoa de recursos e autonomía de xestión e funcionamento.

4º.- Instar á Xunta de Galicia á coordinación de servizos, fomentando a ampliación de funcións e capacitacións dos profesionais, de maneira simultánea á incorporación de novas categorías que permitan especializar máis e profundar no que poden.

5º.- Instar á Xunta de Galicia a promover a conexión entre os servizos de saúde mental e a atención primaria, coa distribución de zonas de referencia para cada equipo de saúde mental, posibilitando a existencia de primeiras consultas dun profesional deste equipo nos propios centros de saúde, a petición directa dos equipos de atención primaria coa maior rapidez e medios posibles.

6º.- Instar á Xunta de Galicia para ampliar a posibilidade de solicitude de probas diagnósticas por parte dos facultativos/as de atención primaria.

7º.- Solicitalle ao Goberno de España unha habilitación, de forma extraordinaria, dos centros de saúde necesarios para que teñan a consideración de centros acreditativos para a formación, así como aos profesionais especialistas en medicina familiar e comunitaria precisos para que poidan actuar como tutores na formación de residentes.

8º.- Solicitalle ao Goberno de España unha convocatoria extraordinaria de prazas MIR que permita incorporar máis profesionais ao noso sistema sanitario e resolver o déficit de médicos en primaria e á Xunta de Galicia que cubra a totalidade desas prazas acreditadas e financie o 100% destas prazas con cargo aos orzamentos.

9º.- Esixirlle ao Goberno de España que, máis aló destas medidas extraordinarias, cumpra os acordos do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde de abril do ano 2018 relativos ás reformas estruturais precisas para flexibilizar e axilizar o procedemento de

acreditación de unidades docentes e os seus requisitos, permitindo a formación anual de máis profesionais especialistas.

10°.- Esixirlle ao Goberno de España que cumpra os acordos do Pleno do Congreso dos Deputados e do Parlamento de Galicia sobre a necesaria eliminación das limitacións impostas para as taxas de reposición de efectivos nos sistemas sanitarios públicos autonómicos.

11°.- Darlles traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia, ao Congreso dos Deputados e ao Parlamento de Galicia.

13°.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

14°.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das relacións de decretos do mes de outubro de 2021.

Os membros da Corporación quedan informados.

15°.- ROGOS E PREGUNTAS:

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

- Pregunta de Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): en relación co concelleiro tráfuga do concello de Castrelo de Miño, Jaime Fontanes Villamarín, pregunta se está contratado por esta Deputación Provincial de Ourense, ou nalgún dos seus órganos dependentes, ou nalgunha das empresas contratistas da Deputación? En caso afirmativo, en cal, e cales son as súas funcións?.

A Presidencia dá lectura ao informe evacuado polo xefe do servizo de persoal da DPO no que se indica que Jaime Fontanes Villamarín non estivo contratado nin estivo traballando en ningún momento e ata o día de hoxe nesta Deputación Provincial, nin en ningún dos seus organismos dependentes.

- Rogo de Bernardo Varela (grupo do BNG): reitera o rogo á Presidencia de que se retomen os debates dos voceiros dos diferentes grupos na radio pública galega e se retomen tamén as desconexións territoriais tanto da radio como da televisión de Galicia.

- Rogo de Bernardo Varela (grupo do BNG): reitera o rogo de que se poña en marcha a comisión provincial de Patrimonio.

- Rogo de Bernardo Varela (grupo do BNG): indica que nas comisións informativas se fixeron unha serie de rogos e preguntas ás que non obtiveron resposta, en concreto a reiterada sobre o acceso ao expediente de contratación de MEISA, polo que insiste na súa petición de acceso á información e de obter resposta ás preguntas.

A Presidencia contesta que se fixo chegar a solicitude ao organismo da RTVG, respecto a comisión de Patrimonio que é intención convocar reunión na primeira quincena de decembro e respecto ás preguntas das comisións indica que se preocupará delas.

- Pregunta de Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): pregunta sobre as noticias saídas nos medios de comunicación sobre o alcalde de Ourense e socio deste goberno provincial, Gonzalo Pérez Jácome, nas que se sinala que entre 2016 e 2017 retirou das contas de DO 110.000,00 euros, polo que lle pregunta á Presidencia que valoración fai deste xeito de actuar tendo en conta que é o seu xefe de goberno?.

A Presidencia contesta que como presidente da Deputación non vai entrar en valoración ningunha respecto a este tema, que si o fará desde o punto de vista político e noutros foros, pero no pleno desta institución non vai entrar en valoración ningunha que teña que ver co funcionamento interno doutras formacións políticas.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 15º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 15º](#)

PEGADA DIXITAL VÍDEO

Url

<http://depourense.seneca.tv/s/ti59ZajlKMIRGx2QABn7O1cTAZUEZp0yxYosKOpYBInzQ19Y.wmv>

SHA512

6a87afc5b60071d2d478c883966165a46ea07e0610eb1fccf730cfce51e841730e0c5c8
a96730b7742199bfeae3a75f2653ef65ed7c637528ae263584a83181c

E, ás 14.30 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

